


INFORME DE REVISIÓN DO SISTEMA POLA DIRECCIÓN

2018/2019

R1 DE-03 P1



Informe de revisión do sistema pola dirección
-
**Informe de resultados anuais das titulacións do
centro**

Data da reunión: 23/04/2020

Data de aprobación na Xunta de Centro: 24/04/2020

Índice de contidos

- I. ASPECTOS INTRODUTORIOS
 - II. DATOS E INDICADORES
 - III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO - SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS
 - IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS
 - V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)
 - VI. LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS
 - VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS
 - VIII. ANEXOS
-

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

I.1. Presentación/Obxecto da reunión

O obxectivo desta reunión é elaborar o procedemento denominado *Informe de Revisión do Sistema pola Dirección*. Este informe ten como obxectivo principal reflexionar e analizar a aplicación e xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) na facultade de Historia, e nos títulos que aquí se impartiron durante o curso 2018/2019. En definitiva, trátase de comprobar o seu nivel de eficacia, así como o grao de implantación das melloras derivadas do Informe de Revisión elaborado o curso pasado sobre o anterior (2017/2018). Así mesmo, de ser preciso e en consonancia cos resultados, actualizaranse as metas propostas na Política e Obxectivos de Calidade.

I.2. Informe inicial

- ✓ Descrición de cambios organizativos que poden afectar o funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á Calidade.

Durante o curso 2018/2019 mantívose o mesmo equipo decanal do curso 2017/2018. Tampouco houbo modificacións substantivas dos membros da Comisión de Calidade e, tanto os que xa estaban como os que se integraron, manifestaron unha elevada implicación, é así se pon de relevo tanto na asiduidade na asistencia ás Comisións celebradas periodicamente, como na participación nas mesmas. Hai que destacar que estes aspectos refírense non só aos membros da comunidade universitaria, que representan aos diferentes colectivos e títulos da facultade, senón tamén aos tres representantes da sociedade e á egresada. Por outra banda, as funcións asumidas pola Comisión seguen a ser as mesmas e que aparecen reflexadas na web do centro, no seguinte enlace: <http://historia.uvigo.es/gl/facultade/organos-de-goberno/comision-de-calidade/>

No aspecto do apoio administrativo, a Unidade de Apoio a Centros e Departamentos resultou de gran axuda ao longo do curso. É evidente que este cambio na RPT resultou favorable para os aspectos relacionados coa Calidade. Xa o curso pasado na elaboración deste informe, en concreto para a recompilación de datos e realización de gráficas, a súa colaboración resultou fundamental. O relevo dunha das Xefas do Negociado da Área non implicou ningún tipo de menoscabo nas tarefas desenvolvidas. Un curso máis, a súa contribución resultou moi beneficiosa no proceso de elaboración deste Informe.

✓ Descrición de cambios na oferta formativa/ou de servizos

En relación á simultaneidade de plans de estudo do **grao en Xeografía e Historia**, no curso 2018/2019, só tiveron dereito a exame o alumnado matriculado en 4.º do plan antigo. O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores tivo que solicitar, necesariamente, o recoñecemento de créditos, e pasarse ao plan vixente. Neste curso será o último de simultaneidade de ambos plans, xa que no curso 2019/2020 todo o alumnado deberá matricularse no plan novo.

O **mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural** tamén presentou novidades menores na súa Memoria en canto a adscrición de centros. Anteriormente o título estaba vinculado á Facultade de Historia, que asumía a coordinación, e a Escola Superior de Minas. Esta dobre adscrición derivou da propia orixe do título, procedente da fusión de dous mestrados diferentes que se impartían en ambos centros. No curso 2018/2019 solicitouse a adscrición única á facultade de Historia por motivos de práctica organizativa. Este cambio implicou modificación da Memoria e a súa presentación nos organismos pertinentes.

No título interuniversitario do **mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**, coordinado pola USC, tamén producíronse modificacións en dúas direccións. Por unha banda se inclúe unha nova proposta coa incorporación da Universidade da Coruña e por outra modifícanse determinadas materias co fin aumentar a competitividade do título e facer unha oferta máis atractiva. Os problemas de coordinación de ambas universidades seguen sen estar resoltos na súa totalidade, pero aprécianse melloras, como o acceso do profesorado da UVigo a intranet para impartir docencia ou a posibilidade de que o alumnado da UVigo defenda os TFM no mes de setembro, aspecto que se poñerá en práctica o vindeiro curso 2019/2020. Outra cuestión salientable é o cambio de coordinación, xa que houbo unha coincidencia na renovación por parte das dúas universidades.

✓ Descrición de modificacións ou cambios na documentación do sistema de calidade

No curso 2018/2019 leváronse a cabo as seguintes modificacións:

1. No PAESU incluíronse as reunións co alumnado do Plan Conxunto en Turismo e Xeografía e Historia coa súa correspondente ficha (27/09/2018) http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20180927.pdf.

2. Foi revisado o Procedemento de control e seguimento da docencia. Aínda que mantivéronse os aspectos principais, mudaron outros co obxectivo de simplificalo e axustalo á realidade do Centro. Así, por exemplo, optouse por unha redacción máis asumible e eliminouse a obrigatoriedade de asinar o parte durante as saídas de estudo (10/07/2019).
3. Seguindo as pautas ditadas pola Comisión avaliadora da Certificación do Sistema, o Centro foi implementando melloras, avaliadas pola Comisión de Calidade e aprobadas pola Xunta de Facultade. A máis salientable foi a aprobación das liñas estratéxicas da Facultade de Historia, tras desestimar a elaboración dun Plan Estratéxico, seguindo a recomendación da área de Calidade da UVigo, á espera de que a propia Universidade teña elaborado e en marcha o seu propio Plan (30/11/2018).
4. Outros documentos foron analizados e actualizados, como o Plan Operativo de Información Pública e o Plan de Promoción do Centro (10/05/2019).

II. DATOS E INDICADORES

II.1 Resultados acadados

Os datos que se presentan recollen os resultados do centro e de todas as súas titulacións oficiais de grao e de mestrado adscritas ao Centro.

II.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC

Centro			<u>Facultade/Escola de Historia</u>			
Panel de Indicadores			Existe Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)	<u>Resultado</u> <u>Curso</u> <u>2018/2019</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso</u> <u>2017/2018</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso</u> <u>2016/2017</u>
Codg SGC	Codg ACSU G	Descrición				
I01-MC	E14	Certificación da implantación dos sistemas de calidade	Non	Non procede	Obxectivo acadado	Conforme
I05-MC	I4	Grao satisfacción PAS	Non	Non hai datos (non se pasaron as enquisas)	Non hai datos (non se pasaron as enquisas)	Non hai datos
I01-DO	E2	Seguimento das titulacións	Non	Neste curso non se realizou o informe de seguimento de ningún dos títulos, xa que o curso anterior foi incluído no novo formato do Informe de Revisión pola Dirección. O mencionado Informe foi sometido voluntariamente a un proceso de revisión interna.	Neste curso non se realizou o informe de seguimento dos títulos. A cambio, mudou o contido do Informe de Revisión pola Dirección, resultando máis exhaustivo e acollendo contidos do anterior. Neste mesmo Curso tivo lugar o proceso de acreditación do mestrado en Valoración, Xestión... cunha cualificación de "Favorable"	Neste curso non se realizou Informe de Seguimento do grao porque tivo lugar o proceso de acreditación do mesmo e redactouse o informe correspondente, acadando a cualificación de "Favorable". mestrado en Valoración, Xestión... : Conforme

02-DO	E2	Acreditación das titulacións	Si: Grao en Xeografía e Historia acreditado	Non procede	Non procede	Favorable
			Si: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	Non procede	Favorable	Proceso de preparación

Grao en Xeografía e Historia

* O datos coa letra en cor vermella correspóndense co plan extinguido do Grao en Xeografía e Historia (G250)

Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido	Resultado Curso 2018/2019	Resultado Curso 2017/2018	Resultado Curso 2016/2017
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción alumnado	3,2	3,21	3,30 2,91	2,74 2,90
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	4,3	4,44	Non hai datos	4,37 4,29
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	3,5	3,3	4,06	3,99
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	4,5	4,9	4,6	5
I01-AC		Nota media de acceso	6,5	Gráfico 6 e Táboa 2	Gráfico 6 e Táboa 2	Gráfico 6 e táboa 2
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso		5	5	5,32
I02-AC		Ocupación	100%	100%	132,50%	73,33%
I03-AC		Preferencia	100%	92,5%	132,50%	77,78%
I03(2)-AC		Adecuación	90%	77,5%	83,02%	87,88%

I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do alumnado matriculado en cada curso a académico)	45	40 + 5	53 + 5	33
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	36,30% Modalidade semipresencial: non hai datos proxecto piloto	— 39.18% Modalidade semipresencial: non hai datos	21,78 40,05
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	4,16 Modalidade semipresencial: 4,10	— 4,10	4,23 4,04
I05-DO		Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino	3,2	3,00	3,14 2,94	2,96 3,13
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	4,2	4,47	Non hai datos	4,46 4,35
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	3,5	3	3,62 Non hai datos	4
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non	4,7	4,8	4,8
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non	1	7	6
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	Non	4	5	3
I010-DO		Duración media dos estudos	Non	4,71	4,94	4,33
I011-DO		Taxa de rendemento	75%	75%	70%	71%
I012-DO		Taxa de abandono	28%	36,36%	32,35%	30,30%
I013-DO		Taxa de eficiencia	90%	92%	86%	94%
I014-DO		Taxa de gradación	50%	42,42%	45%	43,24 %
I015-DO		Taxa de éxito	93%	92%	90%	90%

I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non	Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos
I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	85%	73,50%	91,67%	80,39%
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non	3	0	3
I02-PE		Cualificación do PDI	Non	21 de 28	19 de 29	15 de 25
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	Non	81,25%	80%	40
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Catedrático/a		2	1	1
		Titular de Universidade		11	11	9
		Contratado Doutor		3	2	2
		Titular de Escola		1	1	1
		Asociado		5	6	5
		Contratado/a predoutoral Xunta		1	3	2
		Contratado/a FPU			0	
		Contratado/a interino		2	1	2
		Investigador Distinguido		1	1	
Profesor/a substituto/a		3	3	3		

II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:

Indicadores de Seguimento			Resultado/s Curso 2018/2019	Resultado Curso 2017/2018	Resultado Curso 2016/2017
E3-I2	Perfil de ingreso do alumnado (grao)	Bacharelato FP Maiores 25 Anos Grao en....	Táboa 1 e 2	Táboa 1 e 2	Datos en anexo 1- Táboa 3
I9	% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		Non hai datos	1,02%(o dato que se facilita é o que corresponde á porcentaxe de profesorado avaliado da facultade respecto ao total que participa na convocatoria quinquenal)	Non procede
I10	Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	3	2	Non hai datos
		%	10,71		

I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade			
			http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_ggh_2018-19.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_ggh_2017-18.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_ggh_2016-17.pdf
I14	Resultados de inserción laboral		Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos
I15	Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	-	-	-
		Tamaño grupos B	28,95	20,81	25,63
		Tamaño grupos C	22,27	16,01	18,31

Titulación		Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural				
Panel de indicadores		<u>¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro?</u> Indicar valor establecido	<u>Resultado Curso 2018/2019</u>	<u>Resultado Curso 2017/2018</u>	<u>Resultado Curso 2016/2017</u>	
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción alumnado	3,2	3,54	3,8	
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	4,3	4,33	Non hai datos	
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	3,5	3,4	3,84	
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	4,5	5	4,9	
I01-AC		Nota media de acceso	7	7,55 Táboa 13	6,77	----
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso		----	----	----
I02-AC		Ocupación	100%	80%	100%	100%

I03-AC		Preferencia	100%	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado
I03(2)-AC		Adecuación	90%	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscrición (Evolución do alumnado matriculado en cada curso a académico)	Non	16	20	20

* Dado que a información subministrada pola Unidade de estudos e programas da UVigo combina medias en base 10 e en base 4 resulta imposible realizar un estudo de conxunto.

I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		Non hai datos. Do informe do proxecto Piloto	Non hai datos	Non hai datos Título semipresencial
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		4,65	4,95	Non hai datos Título semipresencial
I05-DO		Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino	3,5	3,63	3,80	3,43
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	3,5	4,40	Non hai datos	4,41
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e	3,5	3,05	3,57	4,00

		desenvolvemento do ensino				
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non	4,6	4,5	5
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non	0	1	1
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	Non	2	4	3
I010-DO		Duración media dos estudos	Non	1,50	1,80	1,96
I011-DO		Taxa de rendemento	88%	54% Gráfico 19	66%	67%
I012-DO		Taxa de abandono	7%	25%	Non procede	4,76%
I013-DO		Taxa de eficiencia	90%	94%	91%	80%
I014-DO		Taxa de gradación	50%	47,37%	60%	70%
I015-DO		Taxa de éxito	95%	96%	98%	98%
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non	Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos
I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	85%	73,5%	91,67%	80,39%
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non	3	1	3
I02-PE		Cualificación do PDI	Non	17 de 32	15 de 26	14 de 24
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	Non	83,33%	69,23%	34%
I03(2)-PE		Profesorado por categoría	Catedrático/a	1	0	0
			Titular	6	8	7
			Contratado/a	5	5	4
			Doutor/a	0	0	1
			Axudante	0	0	1
			Asociado/a	2	1	1
			Investigador/a axudante doutor/a	2		1
Contratado/a FPU	0	0	0			

		Investigador Distinguido	1	1	
		Externo	15	11	10

II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:						
Indicadores de Seguimento			Resultado Curso 2018/2019	Resultado Curso 2017/2018	Resultado Curso 2016/2017	
E3	I2	Alumnado por titulación de procedencia (mestrado)	Bacharelato	Táboa 12	Táboa 11	Datos en Anexo I_Táboa 7
			FP			
			Maiores 25 Anos			
			Grao en....			
		Resultado				
I9		% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)	Non hai datos	1,02 %	Non houbo convocatoria no programa de Docencia quinquenal neste curso	
I10		Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	4	Non hai datos	Non hai datos
			%	12,5	0	
I11		Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_ggh_2018-19.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_mhtco3_2017-18.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_mhtco3_2016-17.pdf
I14		Resultados de inserción laboral		Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos
I15		Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	19	18,9	14,13
			Tamaño grupos B	19	18,9	14,13
			Tamaño grupos C	19	18,9	14,13
			..			

II.1.3 Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

Titulacións de Grao				
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2018/2019	Ítems/ epígrafes mellor valorados	ítems epígrafes peor valorados
PAS	M 80%	4,33	-A comunicación cos/as responsables académicos/as (decanato/dirección do centro e do departamento, e coordinadores/as): 5,00 -A comunicación co profesorado: 5,00	A dotación do PAS adscrito: 2,00
			-A información dispoñible para o alumnado: 4,75 -A información dispoñible na páxina web do centro: 4,75	A formación para facilitar o desempeño das súas funcións: 3,50
			-A comunicación co alumnado: 4,50 -A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico: 4,50	-As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo: 3,75 -Coa información dispoñible sobre a xestión da calidade: 3,75
Titulacións Mestrado				
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2018/2019	Ítems/ epígrafes mellor valorados	ítems epígrafes peor valorados
PAS	M 100%	M 4,00	-A comunicación cos/as responsables académicos/as (decanato/dirección do centro e do departamento, e coordinadores/as): 4,50 - A comunicación co profesorado: 4,50 -A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico: 4,50	- A dotación do PAS adscrito: 2,00

				- A información dispoñible para o alumnado: 4,00 -A información dispoñible na páxina web do centro: 4,00 - A formación para facilitar o desempeño das súas funcións: 4,00 - As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo: 4,00 - Coa información dispoñible sobre a xestión da calidade: 4,00	- A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo: 3,50 - A comunicación co alumnado: 3,50 - As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro: 3,50 -As vías de participación para a mellora da calidade: 3,50	
	H: Non hai datos	H: Non hai datos				
Enquisa PAS	Información Xeral	Comunicación	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Xestión da calidade	Xeral
Graos	4,67	4,75	2,75	3,88	3,83	4,33
Mestrados	3,83	4,25	3,00	3,75	3,83	4,00

Titulación		Grao en Xeografía e Historia					
Resultados de Participación		Satisfacción xeral curso 2018-2019		Ítems/ epígrafes mellor		ítems epígrafes peor valorados	
Alumnado	H 50%	H	3,05	-		-	
	M 75%	M	3,70	-		-	
	Total 55%	3,21	-A utilidade da información sobre a titulación publicada na web: 4,00		As aulas e o seu equipamento: 2,20		
			-A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: 3,91 -A atención do persoal de administración e servizos do centro: 3,91		Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 2,40		
		A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): 3,82		A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación: 2,55			

Profesorado*	H 81,25%	H 4,36	-	-
	M 100,00%	M 4,53	-	-
	Total 88,46 %	4,44	-A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos: 4,77	-A dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na titulación: 4,00 -As competencias adquiridas polo alumnado: 4,00
			-A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios ...): 4,70 -As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,70	- A coordinación entre as materias do plan de estudos: 4,17
		O calendario das probas de avaliación: 4,65	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 4,27	
Persoas tituladas	H 50%	H 3,30	-Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): 4,5 -As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...): 4,5	-A orientación profesional e laboral: 1,67
			-A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade: 4,00 -A cualificación do profesorado: 4,00	-A orientación académica para continuar os estudos: 2,00 -Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): 2,00
			-A actualización dos contidos: 3,67 -As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: 3,67 -A xestión da calidade na titulación: 3,67 -As infraestruturas e os materiais dispoñibles: 3,67	-A cualificación do persoal de administración e servizos: 2,33
	M: Non hai datos	M: Non hai datos		

Enquisa	Organización e Desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	3,00	3,81	2,90	3,91	2,83	3,10
Profesorado*	4,47	4,43	4,51	4,23	4,38	4,16
Persoas tituladas	2,94	3,60	3,67	3,17	3,67	3,50

*As preguntas do cuestionario dos profesorado non coinciden exactamente coas do Alumnado e Persoas tituladas

Titulación		<u>Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural</u>				
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2018-2019	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems epígrafes peor valorados		
Alumnado	H 50%	3,22				
	M 30%	3,84				
	Total 37,50%	3,54	-O calendario das probas de avaliación: 4,17 -A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: 4,17	As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...): 2,33		
			-Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: 4,00 -As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,00 -A formación adquirida (coñecementos e contidos): 4,00	-A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...): 2,67 -A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): 2,67		
			Os horarios da titulación: 3,83	-A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: 3,17		

				-A coordinación entre as materias do plan de estudos: 3,17
Profesorado	H 52,94%	4,25		
	M 76,47%	4,40		
	Total 64,71%	4,33	O calendario das probas de avaliación: 4,59	-As vías de participación na mellora da calidade da titulación: 3,94
			-A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos: 4,55 -Os horarios da titulación: 4,55	-A información dispoñible en relación coa calidade: 4,00
		A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios ...): 4,50	-A coordinación entre as materias do plan de estudos: 4,10 -As aulas e o seu equipamento: 4,10	
Persoas tituladas	H 17%	H 3,22		
	M 31%	M 3,47		
	Total: 26%	Total: 3,40	-A actualización dos contidos: 4,00 -A cualificación do persoal de administración e servizos: 4,00 -Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): 4,00 -Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): 4,00	-A organización xeral do plan de estudos da titulación: 2,67 -As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: 2,67 -A orientación profesional e laboral: 2,67
			-A cualificación do profesorado: 3,67 -As infraestruturas e os materiais dispoñibles: 3,67 -A formación adquirida: 3,67 -A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 3,67	-A orientación académica para continuar os estudos: 3,00 -A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso: 3,00 -As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...): 3,00
			Os programas de mobilidade, de ser o caso: 3,50	-A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade: 3,33

					-A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade: 3,33 -A xestión da calidade na titulación: 3,33	
Empregadores						
Enquisa	Organización e Desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	3,63	3,58	2,33	3,33	4,00	3,70
Profesorado*	4,40	4,36	4,07	4,53	4,29	4,26
Persoas tituladas	3,05	3,33	3,33	3,83	3,67	3,67

*As preguntas do cuestionario dos profesorado non coinciden exactamente coas do Alumnado e Persoas tituladas

II.1.4 Indicadores por materia

Titulación		G251 Grao en Xeografía e Historia							
Panel de indicadores por materia									
Materia	% Taxa de éxito (IM01)			% Taxa de avaliación (IM02)			% Taxa de rendemento (IM03)		
	2018-19	2017-18	2016-17	2018-19	2017-18	2016-17	2018-19	2017-18	2016-17
G251101 Xeografía: Fundamentos de xeografía física	93,62%	90%	86%	88,68%	84%	78%	83,02%	75%	67%
G251102 Historia: Introducción á etnoloxía	94,87%	92%	83%	78,00%	80%	66%	74,00%	74%	54%
G251103 Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	95,12%	94%	100%	85,42%	90%	81%	81,25%	85%	81%
G251104 Idioma moderno: Inglés para humanidades	87,50%	86%	88%	87,27%	84%	81%	76,36%	72%	71%
G251105 Historia de América precolombina e colonial	89,58%	69%	69%	70,59%	67%	62%	63,24%	46%	43%
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	69,70%	72%	63%	61,11%	74%	50%	42,59%	53%	32%
G251202 Historia: Introducción á historiografía	100,00%	96%	64%	64,58%	71%	67%	64,58%	68%	43%
G251203 Arte: Arte clásica	94,59%	92%	87%	74,00%	81%	64%	70,00%	75%	56%
G251204 Teoría e método da arqueoloxía	81,82%	78%	61%	93,62%	91%	84%	76,60%	70%	51%
G251205 Prehistoria universal	100,00%	90%	72%	60,42%	72%	64%	60,42%	65%	46%
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades	94,59%	96%	100%	90,24%	93%	100%	85,37%	89%	100%
G251302 Historia: Fontes de información en humanidades	83,33%	97%	100%	87,80%	88%	78%	73,17%	85%	78%
G251303 Historia antiga universal	91,67%	100%	95%	85,71%	86%	88%	78,57%	86%	84%
G251304 Historia medieval universal	96,88%	100%	100%	88,89%	85%	88%	86,11%	85%	88%

Materia	% Taxa de éxito (IM01)			% Taxa de avaliación (IM02)			% Taxa de rendemento (IM03)		
G251305 Paleografía	62,86%	79%	89%	67,31%		78%	42,31%	54%	70%
G251401 Historia: Metodoloxía da historia	86,11%	83%	84%	69,23%	60%	76%	59,62%	50%	64%
G251402 Historia moderna universal	84,38%	65%	79%	74,42%	64%	86%	62,79%	42%	68%
G251403 Historia contemporánea universal	100,00%	97%	94%	90,00%	83%	86%	90,00%	80%	81%
G251404 Historia da arte medieval	94,44%	96%	100%	83,72%	93%	88%	79,07%	90%	88%
G251405 Arqueoloxía aplicada	92,50%	96%	100%	93,02%	96%	100%	86,05%	93%	100%
G251501 Historia antiga da Península Ibérica	91,67%	100%	90%	96,00%	89%	95%	88,00%	89%	86%
G251502 Historia da arte moderna	82,35%	96%	100%	68,00%	80%	94%	56,00%	77%	94%
G251503 Historia medieval da Península Ibérica	100,00%	100%	100%	83,33%	97%	95%	83,33%	97%	95%
G251504 Prehistoria da Península Ibérica	90,00%	100%	100%	86,96%	96%	95%	78,26%	96%	95%
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	100,00%	100%	100%	94,44%	97%	85%	94,44%	97%	85%
G251601 Historia contemporánea de España	88,24%	93%	100%	89,47%	100%	95%	78,95%	93%	95%
G251602 Historia da arte contemporánea	95,24%	96%	94%	80,77%	74%	89%	76,92%	71%	83%
G251603 Historia moderna de España	68,42%	79%	89%	65,52%	80%	86%	44,83%	63%	76%
G251604 Mundo actual	100,00%	100%	100%	80,00%	96%	95%	80,00%	96%	95%
G251605 Sistemas de representación xeográfica	94,44%	100%	100%	94,74%	93%	90%	89,47%	93%	90%
G251901 Historia de América contemporánea	100,00%	100%		100,00%	90%		100,00%	90%	
G251903 Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas	100,00%			100,00%			100,00%		

Materia	% Taxa de éxito (IM01)			% Taxa de avaliación (IM02)			% Taxa de rendemento (IM03)		
G251904 Historia das relixións	100,00%	95%		85,00%	100%		85,00%	95%	
G251905 Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	100,00%	100%		88,89%	96%		88,89%	96%	
G251906 Historia da arte de Galicia	100,00%	100%		94,74%	75%		94,74%	75%	
G251907 Historia medieval de Galicia	100,00%	100%		93,33%	100%		92,31%	100%	
G251908 Xeografía de Galicia	100,00%	100%		94,74%	100%		94,74%	100%	
G251909 Historia do poder e das institucións	100,00%			100,00%			100,00%		
G251910 Mentalidade, identidade e cambio social	100,00%			100,00%			100,00%		
G251911 Historia contemporánea de Galicia	100,00%	100%		50,00%	70%		50,00%	70%	
G251912 Historia moderna de Galicia	100,00%	100%		100,00%	60%		100,00%	60%	
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	100,00%	100%		100,00%	69%		100,00%	69%	
G251981 Prácticas externas	100,00%	100%		92,00%	76%		92,00%	76%	
G251991 Traballo de Fin de Grao	100,00%	100%		52,78%	35%		52,78%	35%	

Titulación		<u>Mestrado en Valoración, protección e xestión do patrimonio cultural</u>							
Panel de indicadores por materia									
Materia	% Taxa de éxito (IM01)			% Taxa de avaliación (IM02)			% Taxa de rendemento (IM03)		
	2018-19	2017-18	2016-17	2018-19	2017-18	2016-17	2018-19	2017-18	2016-17
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	94,12%	100%	88%	100	95%	85%	94,12%	95%	75%
M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural	100%	100%	100%	75%	95%	85%	75%	95%	85%
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	100%	95%	100%	64,71%	86%	76%	64,71%	82%	76%
M143104 Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	100%	100%	100%	57,89%	74%	71%	57,89%	74%	71%
M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	100%	87%	100%	59,09%	65%	67%	59,09%	57%	67%
M143106 Catalogación e Risco	100%	100%	100%	100%	77%	76%	100%	77%	76%
M143107 Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	93,75%	95%	94%	88,89%	87%	74%	83,33%	83%	70%
M143108 Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	75%	94%	90%	57,14%	67%	80%	42,86%	63%	72%
M143109 Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	100%	100%	100%	63,64%	58%	72%	63,64%	58%	72%
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	85,71%	93%	100%	60,87%	58%	71%	52,17%	54%	71%
M143111 Introducción á topografía e produción cartográfica	100%			68,75%			68,75%		
M143207 Caracterización e Documentación Histórico-Artística	100%	100%	100%	63,64%	56%	83%	63,64%	56%	83%
M143208 Territorios e Paisaxe Cultural	100%	100%	100%	61,54%	73%	70%	61,54%	73%	70%
M143209 Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	100%	100%	100%	75%	64%	75%	75%	64%	75%

M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	100%	100%	100%	50%	75%	75%	50%	75%	75%
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	100%	100%	100%	23,08%	75%	70%	23,08%	75%	70%
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	90,91%	92%	100%	78,57%	68%	75%	71,43%	63%	75%
M143213 Prácticas	100%	100%	100%	75%	77%	86%	75%	77%	86%
M143214 Traballo Fin de Mestrado	100%	100%	100%	33,33%	53%	41%	33,33%	53%	41%
M143215 Educación patrimonial e innovación social	100%			83,33%			83,33%		
M143216 Patrimonio cultural e turismo	100%			50%			50%		
M143217 Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	100%			60%			60%		
M143218 Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible	75%			88,89%			66,70%		
M143209 Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	100%	100%	89%	64%	75%	90%	64%	75%	80%
M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	100%	100%	100%	75%	75%	91%	75%	75%	91%
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	100%	100%	89%	75%	70%	90%	75%	70%	80%
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	92%	100%	100%	68%	75%	92%	63%	75%	92%
M143213 Prácticas	100%	100%	100%	77%	86%	85%	77%	86%	85%
M143214 Traballo Fin de Mestrado	100%	100%	100%	53%	41%	55%	53%	41%	55%
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	93%	100%	90%	58%	71%	83%	54%	71%	75%

Informes de cualificación por materia: Grao en Xeografía e Historia

Materia		Non Presentado	Suspenso	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra
G251101	Xeografía: Fundamentos de xeografía física	6	3	10	31	2	1
G251102	Historia: Introducción á etnoloxía	11	2	16	13	6	2
G251103	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	7	2	17	8	11	3
G251104	Idioma moderno: Inglés para humanidades	7	6	19	18	3	2
G251105	Historia de América precolombina e colonial	20	5	24	17	0	2
G251201	Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	21	10	11	9	0	3
G251202	Historia: Introducción á historiografía	17	0	5	14	9	3
G251203	Arte: Arte clásica	13	2	8	11	13	3
G251204	Teoría e método da arqueoloxía	3	8	13	17	3	3
G251205	Prehistoria universal	19	0	14	8	4	3
G251301	Xeografía: Espazos e sociedades	4	2	18	15	1	1
G251302	Historia: Fontes de información en humanidades	5	6	24	6	0	0
G251303	Historia antiga universal	6	3	13	14	3	3
G251304	Historia medieval universal	4	1	8	15	6	2
G251305	Paleografía	17	13	15	7	0	0
G251401	Historia: Metodoloxía da historia	16	5	22	8	0	1
G251402	Historia moderna universal	11	5	22	4	0	1
G251403	Historia contemporánea universal	4	0	12	15	6	3

Materia		Non Presentado	Suspense	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra
G251404	Historia da arte medieval	7	2	12	4	15	3
G251405	Arqueoloxía aplicada	3	3	13	14	7	3
G251501	Historia antiga da Península Ibérica	1	2	9	9	2	2
G251502	Historia da arte moderna	8	3	6	6	1	1
G251503	Historia medieval da Península Ibérica	3	0	2	10	2	1
G251504	Prehistoria da Península Ibérica	3	2	9	6	1	2
G251505	Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	1	0	4	5	7	1
G251601	Historia contemporánea de España	2	2	2	13	0	0
G251602	Historia da arte contemporánea	5	1	7	9	2	2
G251603	Historia moderna de España	10	6	8	5	0	0
G251604	Mundo actual	4	0	2	9	3	2
G251605	Sistemas de representación xeográfica	1	1	7	7	2	1
G251901	Historia de América contemporánea	0	0	3	7	0	0
G251903	Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas	0	0	1	4	9	1
G251904	Historia das relixións	3	0	4	11	0	2
G251905	Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	1	0	0	7	0	1
G251906	Historia da arte de Galicia	1	0	2	13	3	0

Materia		Non Presentado	Suspense	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra
G251907	Historia medieval de Galicia	1	0	1	4	6	1
G251908	Xeografía de Galicia	1	0	1	6	10	1
G251911	Historia contemporánea de Galicia	2	0	0	1	0	1
G251912	Historia moderna de Galicia	0	0	0	0	1	0
G251913	Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	0	0	1	14	0	1
G251981	Prácticas externas	2	0	1	1	19	2
G251991	Traballo de Fin de Grao	17		1	10	7	1

Informes de cualificación por materia: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Materia		Non Presentado	Suspense	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra
M143101	Concepto e Categorias do Patrimonio Cultural	0	1	0	7	8	1
M143102	Valor e Significado do Patrimonio Cultural	4	0	1	9	1	1
M143103	Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	6	0	0	8	3	0
M143104	Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	8	0	0	3	7	1
M143105	Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	9	0	8	4	0	1
M143106	Catalogación e Risco	1	0	0	0	1	0

Materia		Non Presentado	Suspenseo	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra
M143107	Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	1	1	4	5	5	1
M143108	Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	9	3	4	3	1	1
M143109	Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	8	0	3	10	1	0
M143110	Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	9	1	7	4	1	0
M143111	Introdución á topografía e produción cartográfica	5	0	3	7	1	0
M143201	Tecnoloxías e Formas de Alteración de Estructuras Inmóbiles	1	0	0	0	0	0
M143202	Tecnoloxías e Formas de Alteración de Materiais e Superficies	1	0	0	0	0	0
M143203	Técnicas Analíticas de Caracterización e Diagnose	1	0	0	0	0	0
M143204	Técnicas e Ensaio para a Caracterización e a Diagnose en Obra	1	0	0	0	0	0
M143205	Tratamento de Superficies	1	0	0	0	0	0
M143206	Tratamento de Estructuras	1	0	0	0	0	0

Materia		Non Presentado	Suspense	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra
M143207	Caracterización e Documentación Histórico-Artística	2	0	1	1	2	1
M143208	Territorios e Paisaxe Cultural	5	0	3	5	0	0
M143209	Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	3	0	3	6	0	0
M143210	Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	7	0	0	2	4	1
M143211	Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	10	0	0	1	2	0
M143212	Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	3	1	1	0	9	0
M143213	Prácticas	5	0	0	0	2	1
M143214	Traballo Fin de Mestrado	18	0	1	4	3	1
M143215	Educación patrimonial e innovación social	1	0	0	4	1	0
M143216	Patrimonio cultural e turismo	5	0	1	1	0	0
M143217	Introdución á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	4	0	0	2	0	1
M143218	Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible	1	2	3	2	0	1

II.1.5. Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)

**Neste epígrafe os centros que teñan solicitado, consonte o procedemento de medición, análise e mellora, indicadores propios que completan o panel de indicadores institucionais, poden recoller os resultados obtidos e unha breve análise deles.*

Panel de indicadores adicionais	Resultado Curso X	Resultado Curso X-1	Resultado X-2
IA01			
IA02			
IA03			

II.1.6. Datos relativos a QSP recibidas

Queixas	Sinalar (si procede) á titulación á que corresponden	Resultado Curso X	Resultado Curso X-1	Resultado Curso X-2
Relativas á: Docencia	1	1		1
Relativas á: Infraestruturas				
Relativas á: Servizos				
Relativas á:				
Suxestións				
Relativas á: Docencia				
Relativas á: Infraestruturas				
Relativas á: Servizos				1
Relativas á: Equipo decanal		1		
Parabéns				
Relativas á: Docencia	1	1		
Relativas á: Infraestruturas				
Relativas á: Servizos				
Relativas á: Actividade extra- académica	1			

II.1.7. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

**Neste epígrafe, bastará con incluír como anexo un resumo extraído da aplicación informática de xestión documental do SGC como o que se amosa no exemplo.*

Registros de calidade de centro					
<u>Registro</u>	<u>Procedemento</u>	<u>Estado do rexistro</u>	<u>Data límite de entrega</u>	<u>Observacións</u>	<u>Documentos Adxuntos</u>
<u>R1-DE01 P1 - Plan estratéxico do centro</u>	DE-01 P1 - Planificación estratéxica	Substituído por: liñas estratéxicas	30/11/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/Plan_actuacions_estraterxicas_2019-21.pdf	
<u>R1-DE02 P1 - Panel de indicadores</u>	DE-02 P1 - Seguimento e Medición	Completado	05/10/2017	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DE-02_P1.pdf	<u>0</u>
<u>R1-DE03 P1 - Informe de revisión do sistema pola dirección</u>	DE-03 P1 - Revisión do sistema pola dirección	Completado	15/03/2019	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DE-03_P1_2017-18.pdf	<u>0</u>
<u>R1-MC05 P1 - Proposta de Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios (PAESU)</u>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	27/09/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_MC-05_P1_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>R2-MC05 P1 - Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios</u>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	27/09/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_MC-05_P1_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>R3-MC05 P1 - Ficha técnica do deseño da actividade de avaliación</u>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	27/09/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R3_MC-05_P1_2018-19_Ficha1.pdf http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R3_MC-05_P1_2018-19_Ficha2.pdf http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R3_MC-05_P1_2018-19_Ficha3.pdf	<u>0</u>
<u>R4-MC05 P1 - Informes de resultados de avaliación</u>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	27/09/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R4_MC-05_P1_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>R5-MC05 P1 - Informe de seguimento do PAESU</u>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	27/09/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R5_MC-05_P1_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>Valoración de satisfacción do PAESU</u>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	27/09/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R6_MC-05_P1_2017-18.pdf	

Registros de calidade de centro					
Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
<u>R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación</u>	DO-0101 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado	24/06/2019	http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20190624.pdf	<u>0</u>
<u>R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación</u>	DO-0101 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Non procede			
<u>R1-DO0201 P1 - PDA</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	23/02/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_xf/Acta_XF_20180223.pdf	<u>0</u>
<u>R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	27/09/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0201_P1_procedemento_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>R1- DO0202 P1 - Plan de Promoción do Centro</u>	DO-0202 P1 - Promoción das titulacións	Completado	14/05/2019	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0202_P1_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>R1- DO0301 P1 - Plan operativo de información pública</u>	DO-0301 P1 - Información pública e rendemento de contas	Completado	14/05/2019	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2019.pdf	<u>0</u>
<u>R2- PE01 P1 - Identificación das necesidades de formación do PAS do centro</u>	PE-01 P1 - Xestión do PAS	Completado	30/11/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_R2_PE-01_P1_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>R1- PE01 P1 - Identificación das necesidades do PAS do centro</u>	PE-01 P1 - Xestión do PAS	Completado	30/11/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_R2_PE-01_P1_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>R2- PE02 P1 - Informe de</u>	PE 02 P1 - Xestión do	Non hai datos			<u>0</u>

Registros de calidade de centro					
<u>Registro</u>	<u>Procedemento</u>	<u>Estado do rexistro</u>	<u>Data límite de entrega</u>	<u>Observacións</u>	<u>Documentos Adxuntos</u>
<u>responsables académicos</u>	persoal docente e investigador-PDI				
<u>R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas</u>	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	30/11/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R3_PE-02_P1_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>R4- PE02 P1 - Ficha Programa/actividade de formación</u>	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	27/11/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R3_PE-02_P1_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>IT01-PA08 - Plan de actuación de servizos permanentes do centro</u>	PA08 - Xestións dos servizos	Completado	10/05/2019	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/IT01-PA08_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>IT02-PA08 - Informe de resultado dos servizos contratados</u>	PA08 - Xestións dos servizos	Completado	10/05/2019	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/IT02-PA08_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>IT01-PA07 - Criterios de selección de recursos materiais e provedores</u>	PA07 - Xestións dos recursos materiais	Completado	10/05/2019	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/IT01-PA07.pdf	<u>0</u>
<u>IT02-PA07 - Ficha de solicitude</u>	PA07 - Xestións dos recursos materiais	Completado	10/07/2019	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/IT02-PA07_2018-19.pdf	<u>0</u>
<u>Acta da comisión de calidade - Acta da comisión de calidade</u>	Actas - Actas da comisión de calidade				<u>0</u>
<u>Doc - Documentación Complementaria</u>	Doc Complementaria - Documentación Complementaria				<u>0</u>

Registros da titulación de grao en Xeografía e Historia e mestrado en Protección, Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

<u>Rexistro</u>	<u>Procedemento</u>	<u>Estado do rexistro</u>	<u>Data límite de entrega</u>	<u>Observacións</u>	<u>Documentos Adxuntos</u>
<u>R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación</u>	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Non procede			<u>0</u>
<u>R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación</u>	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Non procede			<u>0</u>
<u>R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna</u>	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Presentadas as alegacións			<u>0</u>
<u>R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación</u>	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Non procede			<u>0</u>
<u>R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG</u>	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Non procede			<u>0</u>
<u>R2- D0201 P1 - POD</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	27/07/2018		<u>1</u>
<u>R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	21/09/2018	Grao: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2017-18.pdf Mestrado: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhtco3_2017-18.pdf	<u>1</u>
<u>R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial</u>	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado	Completado	28/09/2018	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0203_P1_2017-18.pdf	<u>0</u>
<u>R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT</u>	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado	Completado	28/09/2018	Grao: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_2017-18.pdf Mestrado: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhtco3_2017-18.pdf	<u>0</u>
<u>R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares</u>	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado	04/05/2017	Non houbo cambios dende esa data http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0204_P1_2017-18_gl.pdf	<u>0</u>

Registros da titulación de grao en Xeografía e Historia e mestrado en Protección, Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

<u>Rexistro</u>	<u>Procedemento</u>	<u>Estado do rexistro</u>	<u>Data límite de entrega</u>	<u>Observacións</u>	<u>Documentos Adxuntos</u>
<u>RI- PE01 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)</u>	PE.02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	22/02/2018		<u>2</u>

II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro)

**Os centros/títulos poden engadir, neste informe outros resultados relevantes, mais aló dos relacionados estritamente co panel de indicadores.*

**Poden incluírse referencia ou recortes relevantes en prensa sobre o centro, as titulacións, o profesorado do centro, outros logros acadados ou cuestións de especial interese.*

Consultar Anexos 1 e 2.

III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO -SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS

Seguimento da titulación: Grao en Xeografía e Historia

**Inclúiranse tantos informes de análise como titulacións haxa adscritas no centro*

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do plan de estudos realízase conforme á memoria verificada, sen que se produciran incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No grao en Xeografía e Historia, no curso 2018/2019, matriculáronse en primeira matrícula do primeiro curso, un total de 45 estudantes, obtendo o número esixido pola Xunta de Galicia. A novidade é que se alcanzou na convocatoria de xuño, dándose esta circunstancia por primeira vez dende que se implantou o grao en Xeografía e Historia. Esta singularidade, reforza a traxectoria emprendida o curso precedente no que por primeira vez se superaron as cifras esixidas polo decreto da Xunta de Galicia. Neste caso, a diferenza do anterior, non foi preciso abrir novas convocatorias nos meses seguintes, tal e como viña sendo habitual, polo que o número total resulta lixeiramente inferior ao do curso precedente, situación que obedece a non necesidade de abrir novas convocatorias, por non ter alcanzado o número esixido (gráfico 1).

Estes dous anos consecutivos de éxito na matrícula en comparación cos anos previos, permiten manter un certo grado de optimismo e confianza na efectividade das accións acometidas de captación de alumnado de primeira matrícula.




Gráfico 1. Estudantes de primeira matrícula no Grao en Xeografía e Historia

Neste curso mantívose a oferta das dúas modalidades, presencial e semipresencial. O incremento de matrícula relaciónase coa modalidade presencial, tal e como mostra a gráfico 2. Este aspecto resulta interesante porque materializa o resultado, por unha parte, das accións de visibilización do centro e, por outra, as de captación, recollidas no procedemento correspondente, desenvolvidas pola facultade de Historia en Centros de Ensinanza Secundaria que neste curso ampliouse á provincia de Pontevedra, completado a demanda na Galicia meridional.




Gráfico 2. Alumnado matriculado na modalidade semipresencial no Grao en Xeografía e Historia

Outro aspecto que incidiu positivamente na matrícula foi a oferta do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, completándose as 5 prazas ofertadas polo noso centro.

A representación gráfica do número de estudantes matriculado por vez primeira, segue a presentar, como no curso precedente, unha tendencia coincidente coa da taxa de ocupación (gráfico 3) e coa taxa de preferencia (gráfico 4), na que se acada a meta proposta do 100. Esta diferenza co pasado curso obedece a obtención de bos resultados na chamada á matrícula do mes de xuño e a conseguinte ausencia de novas convocatorias. No gráfico 5 podemos constatar como son coincidentes as tendencias marcadas pola matrícula e as taxas de ocupación e preferencia.



Gráfico 3. Taxa de ocupación do Grao en Xeografía e Historia




Gráfico 4. Taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia




Gráfico 5. Nº estudantes 1ª matrícula, % taxa de ocupación e % taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia.

No perfil de ingreso (táboas 1 e 2) confirmase a tendencia manifestada en cursos pasados. A maioría accede a través da ABAU e, en segundo termo, a unha distancia moi considerable, a través do grupo de Formación Profesional. A diferenza do curso pasado só houbo un ingreso na modalidade de maiores de 25 anos, dato que coincide ca baixada da demanda da modalidade semipresencial que se comentou anteriormente.

Modalidade de ingreso				Total por modalidade	
	2016/2017	2017/2018	2018/2019	nº	%
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Con PAAU	27	45	29	101	78,29
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Sen PAAU	0	0	1	1	0,78
Título de Licenciado	2	1	1	4	3,10
Procedentes de Formación Profesional	4	2	6	12	9,30
Técnico Superior en Artes Aplicadas e os seus Homologados	1	0	0	1	0,78
Título de Diplomado/Mestres	0	0	1	1	0,78
Acceso para Maiores de 25 Años	0	5	1	6	4,65
Acceso para maiores de 40 anos	0	0	0	0	0,00
Acceso por validación de estudos estranxeiros	1	1	1	3	2,32
Total	35	54	40	129	100,00

Táboa 1. Modalidade de ingreso do Grao en Xeografía e Historia.

En relación á nota media de acceso, sube lixeiramente por terceiro ano consecutivo, situándose en 7,1 (superando en medio punto o curso anterior 6,4). Ademais confirmase, como nos dous cursos precedentes, que a nota media das alumnas é algo máis elevada que a dos alumnos. Así mesmo, a nota mínima de acceso sitúase en 5, cifra que ven determinada pola homologación de título que sempre se sitúa en 5.

Curso	Modalidade de ingreso	Estudios de acceso	Nota media acceso Home	Nota media acceso Muller	Nota media acceso promedio	
2016/2017	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	5,639	–	5,639	
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	6,693	5,018	5,856	
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Artes. Artes plásticas, deseño e imaxe	–	7,764	7,764	
		Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	5,810	8,590	7,200	
		COU (LXE) e Selectividade. Ciencias Sociais	–	6,190	6,190	
		COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística	–	5,610	5,610	
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Estranxeiro	7,180	–	7,180	
		Licenciatura	Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	6,179	–	6,179
	Licenciatura	Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación	5,000	–	5,000	
		Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Credencial de homologación do título de Formación Profesional	–	5,000	5,000
	Títulos de Formación Profesional	Títulos de Formación Profesional	Administración: Administración e Finanzas	6,000	–	6,000
			Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos	6,200	–	6,200
			Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil	–	7,040	7,040
			Proxectos de obra civil	5,540	–	5,540
			Deseño Gráfico: Gráfica Publicitaria	5,900	–	5,900
	Títulos de técnico superior en artes plásticas e deseño e os seus homologados	Títulos de técnico superior en artes plásticas e deseño e os seus homologados	Deseño Gráfico: Gráfica Publicitaria	5,900	–	5,900
	2017/2018	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	5,544	–	5,544
Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais			6,279	7,390	6,834	
Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais			–	7,115	7,115	
Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais			–	7,115	7,115	

		COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxica	6,360	5,480	5,920	
		COU (LXE) e Selectividade. Biosanitaria	5,240	–	5,240	
		COU (LXE) e Selectividade. Ciencias Sociais	5,500	7,080	6,290	
		COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística	–	5,470	5,470	
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	6,568	–	6,568	
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	7,120	7,878	7,499	
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	7,713	7,636	7,675	
	Licenciatura	Licenciado en Dereito	–	6,888	6,888	
	Acceso para maiores de 25 anos	Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Opción C (Ciencias Sociais)	–	5,000	5,000	
		Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Opción D (Humanidades)	–	6,670	6,670	
		Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Artes e Humanidades	6,530	–	6,530	
		Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias da Saúde	6,035	–	6,035	
		Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias Sociais e Xurídicas	–	6,247	6,247	
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	–	7,560	7,560	
	Títulos oficiais de técnico superior de Formación Profesional	Administración: Administración e Finanzas	–	5,000	5,000	
		Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas	–	6,100	6,100	
	2018/2019	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	-	6,01	6,01
			Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	5,75	7,70	6,58
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	6,58	-	6,58
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	8,89	10	9,42
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	8,90	9,51	9,11
COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxica			-	6,66	6,66	

	COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística	-	6,96	6,96
Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - sen probas	Bacharelato LOE sen ABAU	6,62	-	6,62
Título de Licenciado	Licenciado en Ciencias do Mar	6,39	-	6,39
Título de Diplomado	Diplomado en Ciencias Empresariais	6,73	-	6,73
Acceso para maiores de 25 Anos	Maiores de 25 anos- fóra de Galicia	7,57	-	7,57
Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	5	-	5
Títulos de Formación Profesional de Grado Superior (para acceso ata o curso 2019/2020)	Comunicación, Imaxe e Son: Produción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos	7,1	-	7,1
	Comunicación, Imaxe e Son: Realización de Audiovisuais e Espectáculos	7,1	-	7,1
	Dirección de servizos en restauración	5,43	-	5,43
	Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos	5,43	-	5,43
	Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas	-	5,92	5,92
	Informática: Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas	6,429	-	6,43

Táboa 2. Modalidade de ingreso e nota media de acceso do Grao en Xeografía e Historia.




Gráfico 6. Nota media de acceso ao Grao en Xeografía e Historia

A análise da procedencia do conxunto do alumnado (gráfico 7), ofrece os seguintes datos que repiten anteriores situacións: a maioría proceden da cidade Ourense e a súa área de influencia, con 54,4 %; en segundo lugar sitúase Vigo e a súa comarca, e o resto da provincia de Pontevedra, alcanzando o 29,1%; nun terceiro lugar, atópase a provincia da Coruña, con 10,7% e máis afastado a provincia de Lugo con 5%. Nestes resultados hai que destacar a subida de procedencia da provincia de Pontevedra, en consonancia co proceso de difusión do grao¹ que se intensificou nesa área xeográfica, xa que é evidente a maior capacidade de captación do alumnado na Galicia meridional de onde proceden algo máis de catro quintas partes do total.

¹ En relación coa Campaña de promoción do grao consultar Anexo II




Gráfico 7. Lugar de procedencia do alumnado matriculado no Grao en Xeografía e Historia

No curso 2018/2019 ofertouse por segunda vez o Plan Conxunto do grao en Turismo e Xeografía e Historia, enchendo o número de prazas ofertadas, un total de 10 (cinco por cada centro). Todo o alumnado procede do Bacharelato (táboa 4).

Curso Académico	Modalidade de ingreso	Estudo de acceso	Home	Muller	Total
2018/2019	Alumnado con título de bacharelato ou equivalente con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	-	1	1
		Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Ciencias	-	1	1
		Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Humanidades	1	1	2
		Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Ciencias Sociais	3	3	6
	Total			4	6

Táboa 4. Modalidade de ingreso do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

A nota media de acceso (táboa 5) resulta satisfactoria situándose case en 7,6.

Curso Académico	Modalidade de ingreso	Estudo de acceso	Home	Muller	Total
2018/2019	Alumnado con título de bacharelato ou equivalente con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	-	5,73	5,73
		Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Ciencias	-	6,33	6,33
		Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Humanidades	9,94	9,40	9,67
		Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Ciencias Sociais	8,02	9,23	8,62
	Total				7,59

Táboa 5. Modalidade de ingreso e nota media do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

A procedencia do alumnado do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia é diverxente da do pasado curso e da tendencia analizada para o caso do grao, xa que a orixe máis salientable é da provincia de Pontevedra, case duplicando á de Ourense.

Xa comentamos a relación desta procedencia coas campañas de captación realizadas nesta área xeográfica (Anexo 2).

No curso 2018/2019 o desenvolvemento do plan de estudos seguiu a dinámica marcada pola Memoria do título. Dun xeito natural, extinguiuse a opción de matrícula no plan vello, finalizando a convivencia de dous plans diferentes e facendo máis doada, tanto a planificación do próximo curso, como a elaboración deste Informe.

Os resultados das enquisas de satisfacción en relación á planificación e desenvolvemento da ensinanza son inferiores (3) á meta proposta como obxectivo de Calidade (3,25). Os valores acadados son moi similares aos do curso pasado cunha media de 3,04. Sen embargo, se tomamos como referencia os resultados da planificación e docencia nas EAD (gráfico 8), o valor resulta bastante máis satisfactorio ao alcanzar o 4,08. Esta diferenza debe relacionarse coa diversidade dos grupos que realizan a enquisa, a primeira só o alumnado de 3º e a segunda todo o alumnado do grao. Realmente a diverxencia é considerable, polo que debemos de analizar nos próximos Informes a evolución e de manterse, habería que analizar as posibles razóns.

As preguntas que obtiveron peores resultados están relacionadas coa distribución de horas teóricas e prácticas das materias, e a estruturación e organización temporal. Ao igual que sucedía no curso pasado, os dous resultados suporían un cambio da Memoria. En calquera caso, debemos establecer mecanismo para coñecer en profundidade este resultado, xa que resulta reiterativo.

Neste curso observamos unha mellor valoración do PAT con respecto ao curso anterior, no que vinculamos á resposta coa reestruturación da asignación dos/as titores/as: un/unha docente por curso. Esta evolución positiva apunta cara a unha posible

idoneidade do cambio. O índice de satisfacción das persoas tituladas, tampouco alcanza a meta fixada, sendo coincidente o valor acadado co do alumnado que está a cursar o grao.

A participación do alumnado nas Enquisas de Avaliación Docente segue a ser escasa (36,3%), apenas 3 décimas inferior ao curso precedente. O centro tenta que o alumnado comprenda a relevancia de participar nestas enquisas, pero sen o éxito desexable, xa o grao de participación segue a ser pouco satisfactoria. Se ben esta realidade nos obriga a ser prudentes cos resultados, resulta evidente que, en xeral, son moi superiores aos acadados nas enquisas de satisfacción, con máis participación porcentual, pero referidas só ao 3º curso.




Gráfico 8. Enquisas de avaliación docente do Grao en Xeografía e Historia

A diferenza da tendencia dos últimos anos o número de estancias que o noso alumnado realiza fóra da universidade foi moi escaso, reducíndose a 1 estudante saínte. Pensamos que a redución económica da axuda que reciben pode incidir nesta baixada. Fronte a elo, practicamente se mantén o alumnado que recibimos do estranxeiro de diferente procedencia.

<p>Puntos débiles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Menor porcentaxe de participación na enquisa de satisfacción por parte do alumnado • As preguntas que obtiveron peores resultados están relacionadas cos recursos materiais, en concreto os espazos de docencia. Outro aspecto é a distribución de horas teóricas e prácticas das materias, e a estruturación e organización temporal. 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incrementar a difusión da necesidade de participar nas enquisas de satisfacción para coñecer os problemas e implantar accións de mellora. Envío de correos electrónicos ao grupo e personalizados, desde o decanato e a coordinación de Calidade, solicitando a participación e explicando a finalidade das enquisas. • Difusión entre as/os delegadas/os de 3º curso para que colaboren na difusión. • Melloras ergonómicas nas aulas e instalación de enchufes. Segue ser ter solución a problemática da temperatura do edificio, sobre todo en inverno, nos espazos orientados ao norte e especialmente a comezo da semana. • Ao igual que sucedía no curso pasado, os dous resultados suporían un cambio da Memoria. En calquera caso, debemos establecer mecanismo para coñecer en profundidade este resultado, xa que resulta reiterativo.
<p>Evidencias nas que basea a valoración:</p> <p>E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza</p>	
<p>Indicadores nos que se basea a valoración:</p> <p>I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación</p>	

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

A información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados (PDI, PAS, estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese), principalmente na web do Centro.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Para a facultade de Historia a información e transparencia ocupan un lugar prioritario. O curso pasado a páxina web foi remodelada, máis que no concepto, no formato, ao equiparse ao da páxina web institucional da UVigo. Xa que os contidos da páxina foran mudados e revisados exhaustivamente hai poucos anos, o obxectivo era volcalos na súa totalidade á nova edición. Esta acción de forma inmediata non soe ser totalmente efectiva, polo que durante o curso houbo unha permanente revisión dos contidos coa conseguente reparación de erros. Para estes cambios continuamos traballando coa mesma empresa de anos anteriores e que resulta coincidente coa que se encarga actualmente do mantemento da web institucional da UVigo. A política do Centro segue a ser a actualización inmediata dos contidos e dos eventos programados, como pode comprobarse no Plan de Información Pública, dispoñible no seguinte enlace: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2018.pdf

Todos os eventos importantes introdúcense, previamente a súa celebración, na páxina principal nun banner na parte superior, que vai rotando con imaxes simbólicas do centro. “Clicando” no evento accédese a toda información de forma rápida e sinxela. Aínda que mantemos a vía de difusión tradicional, a través de carteis e folletos impresos que se distribúen directamente nas aulas e nos taboleiros específicos, pensamos que cada vez é menos efectiva.

Xunto á web, mantemos permanentemente actualizadas as redes sociais, como o facebook. Como novidade, no curso que analizamos, reabrimos a rede de instagram, nun principio por necesidade dunha das campañas de promoción do grao, pero que, finalizada a mesma, continuamos alimentando, por entender que esta rede está máis próxima a xente nova que a anterior. Así mesmo, permanece moi activa a canle de información de mail, denominada “lista de Historia”, onde se transmite toda a información relevante para a comunidade do centro, tanto alumnado como profesorado, previamente validado o seu interese na secretaría administrativa do decanato. Todos os anos, coas novidades de matrícula, o listado de integrantes é actualizado. Como novidade no curso 2018/2019 activouse un novo grupo “lista de profesorado”, onde todos e todas as docentes podemos enviar información de interese para este colectivo.

Para aquelas accións moi relevantes, estritamente académicas, a decana conta cun grupo de WhatsApp, permanentemente actualizado, co alumnado representante (delegadas e delegados de curso e representantes da Delegación). O obxectivo é que estas persoas, a súa vez, transmitan a información, pola mesma vía, aos respectivos integrantes dos grupos de cada curso.

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado respecto a este aspecto obteñen unha media de 4 que podemos desglosar nos seguintes aspectos. O ítem mellor cualificado é a utilidade da información sobre a titulación publicada na web que alcanza o 4,1, a outro extremo, o ítem menos valorado é a información sobre outras actividades, con un 3,88, cifra que segue a ser satisfactoria e que supera a do curso anterior.

A opinión do grupo de persoas tituladas sobre este criterio tamén resulta elevada (4 sobre 5), sendo dos aspectos mellor valorados.

Puntos febles detectados:

- Na migración de datos do antigo ao novo formato de web, unha pouco información, non foi trasvasada.

Accións de mellora a implantar:

- Revisión pormenorizada dos contidos da web para determinar as ausencias na migración de datos e solventalo.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

A implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e a súa contribución á mellora continua do título é un feito na Facultade de Historia

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

A partir da obtención do Certificado do Sistema de Garantía de Calidade, e a conseguinte posta ao día de todos os aspectos relacionados co Sistema, a dinámica da mellora continua transcorreu dun xeito máis natural, favorecido pola mellor comprensión dos procesos e dos axentes implicados, representados nos órganos colexiados, especialmente na Comisión de Calidade e tamén na Xunta de Facultade. Esta afirmación é coincidente co resultado das enquisas de satisfacción en el sector do PDI que alcanza unha media de 4,6.

Outro aspecto que debemos de traballar é na transmisión das accións de Calidade ao conxunto de alumnado. Por suposto que na medida que son o principal obxectivo do funcionamento do Sistema, as accións aféctanlle directamente, pero non son conscientes do marco teórico que as soporta e xustifica. De feito este ítem é o 2º peor valorado polo alumnado, cunha media de 2,9

O referente fundamental é a denominada “Axenda Básica”, que edita a Área de Calidade da UVigo e serve de pauta á hora de ir actualizando os diferentes rexistros. Esta axenda está en consonancia coas directrices da Universidade e segue as dinámicas temporais dos centros

Na liña comezada no curso 2017/2018 da Área de Calidade de incluír o autoinforme de Seguimento dos títulos no Informe de Revisión pola Dirección se introduciron melloras, froito da experiencia previa. Así, engadíronse apartados coa finalidade de completalo, e en cada un dous criterios incluíuse unha reflexión sobre os datos aportados. Pensamos que deste xeito chegouse realmente a unha fusión de ambos documentos, facilitando a labor da coordinación de calidade e de todas as persoas implicadas.

Outra innovación en relación con este rexistro foi a simplificación da revisión interna realizada pola área de calidade da UVigo, xa que en vez de estenderse, como ata de agora, a todos os centros, só sería obrigatorio para aqueles que foran pasar un proceso de acreditación ou que así o solicitara a ACSUG. A maiores, de xeito voluntario os centros poderían solicitar esta revisión. Tanto a Comisión de Calidade como a Xunta de Centro da Facultade de Historia decidiron realizar esa solicitude, por considerar útil esta supervisión. Esta decisión está en consonancia coa inquietude do Centro na mellora continua.

Todos os rexistros foron actualizados puntualmente, así como os contidos de Calidade da paxina web da Facultade; así como a “Time Line” que reúne as accións máis significativas ao longo do curso e da acceso directo ás respectivas actas.

Así mesmo, a maior parte das accións de mellora derivadas do informe do curso anterior, foron implementadas cando de pendían do propio Centro.

Puntos febles detectados:

- Fronte ao coñecemento do PDI e PAS dos asuntos relativos ao Sistema, o alumnado o descoñece como tal, aínda que iso non implique que non sexa consciente das accións que se levan a cabo. Por exemplo as/os titoras/es de cada curso do PAT, cumpren estritamente o seu cometido e eles son coñecedores desta acción, pero non a identifican co Sistema.

Accións de mellora a implantar:

- Difundir a través das/os delegadas/os os aspectos fundamentais do SGC

<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u> E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p> <p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</p>

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

<p>Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.</p>
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: A información máis salientable relacionada co PDI, actualizada permanentemente (perfil investigador, materias que imparte, contacto, despacho e horario de titorías) pode ser consultada na web da Facultade, no seguinte link: http://historia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado Durante o curso 2018/2019 tiveron lugar unha serie de cambios respecto ao profesorado que aínda que algúns non afectaron directamente a dito curso, si terían repercusión no 2019/2020, como por exemplo a xubilación de dous profesores, que mantiveron os seus respectivos encargos docentes ata o remate de curso. Trátase dun Catedrático, que obtivo o grao de emérito, e un profesor Titular. Ademais, outro cambio salientábel, foi a promoción dunha profesora que pasou de Titular a Catedrática. Unha vez máis o exceso de créditos da área de Historia Antiga, derivado da desgravación polo cargo de decana que ocupa a profesora desa área, foi cuberto coa mesma persoa como profesora Asociada e por unha contratada predoutoral. Por outra banda, un ano máis, rexistrouse a incidencia co profesor da área de Historia Contemporánea, sumando xa seis os anos ven causando baixa no cuadrimestre no que ten asignada docencia, circunstancia que esixiu a contratación de tres profesores invitados. O período de baixa durou todo o cuadrimestre, finalizando cando rematou a docencia que tiña asignada. Esta incidencia tan reiterada causa moitos problemas na organización docente, xa que o mencionado profesor elixe, preferentemente, a docencia no grao en Xeografía e Historia. O vicerreitorado de Profesorado está ao tanto desta problemática, pero non hai posibilidade de establecer mecanismos de corrección, por este motivo, dende esa vicerreitoría determinaron que para o curso 2019/2020, unha vez aprobado o POD, se redistribuíra a súa docencia e pasase dun cuadrimestre a todo curso. Nas áreas de Xeografía e na de Historia da Arte, o exceso de créditos que non pode asumir o profesorado de plantilla, foi de novo cuberto por profesorado Asociado, en concreto dous na Área de Historia da Arte e dous no ámbito de Xeografía, un na área de Análise Xeográfico Rexional e outro na área de Xeografía Física, este contrato recaeu sobre o anterior contratado predoutoral, que xa como Doutor seguiu colaborando nas tarefas docentes e outras actividades propostas polo Centro. Con esta distribución, a docencia sempre estivo debidamente cuberta, pero seguimos cunha carencia de profesorado fixo, o único cambio positivo neste aspecto foi que un profesor Titular do Departamento que ademais se formou nesta Facultade, substituíu na docencia ao profesor Catedrático emérito; mentres que a docencia do profesor titular que se xubilou será cuberta</p>

por un profesor Asociado. Deste xeito conséntase que seguimos a perder profesorado fixo, é o problema do envellecemento do cadro no fai máis que reforzarse, superando neste momento, salvo unha excepción, os 52 anos de idade.

Unha vez máis, como ven sendo habitual neste Informe, manifestamos as carencias derivadas da contratación temporal. Polo xeral, debido ás propias condicións do contrato, este profesorado non ten a obriga de asumir certas tarefas, tales como a titorización de Prácticas Externas e de TFG, ou a pertenza a tribunais, polo que depende da súa vontade. Por outra banda teñen, neste caso, o impedimento, de asumir tarefas de xestión, moi abundantes nun Centro que reúne menos profesorado que o Departamento de Historia, Arte e Xeografía ao pertencemos case todos e todas. A pesar desta circunstancia, conséntase un traballo eficaz e intensivo, tanto polo fixo como polo contratado, quen incluso, aínda que non ten obriga, colabora coas tarefas de coordinación e xestión. En xeral estes docentes dirixen ou integran Proxectos de Investigación relacionados coas súas áreas de especialización, participan en congresos nacionais e internacionais, publican en revistas de impacto e realizan tarefas de transferencia. Así mesmo compren con rigorosidade coas tarefas académicas asignadas e os prazos prescritos.

No curso 2018/2019 impartiron docencia no grao en Xeografía e Historia 25 profesores e profesoras, dos cales hai 2 catedráticas/os, 8 titulares de universidade, 1 titular de escola, 2 contratadas doutoras, 5 asociados/as, 1 contratada predoutoral, 2 contratados/as interinos/as e 3 profesores substitutos. O número total de doutores/as é de 21. Hai profesoras e profesores do grao que xa hai algúns anos obtiveron a acreditación da ANECA (3 a titulares e 2 a contratados doutor).

O número de sexenios do profesorado que participa na docencia a tempo completo é de 29, é dicir 2 menos que no curso precedente. Este cambio deriva da diferenza entre os novos sexenios adquiridos e os que xa non computan, en concreto os do profesor de Historia Medieval que no curso 2018/2019 estaba en Comisión de Servizos no CSIC. A *ratio* entre os posibles sexenios e os concedidos é dun 81,25%, lixeiramente máis elevada que o curso pasado e pon de manifesto o alto nivel e calidade da produción investigadora da plantilla, tendo en conta que non todo o profesorado pode acceder a esta solicitude (gráfico 9).




Gráfico 9. Sexenios e quinquenios do profesorado con docencia no Grao en Xeografía e Historia

En relación ás Enquisas de Avaliación Docente (cuxas cifras hai que tomar con cautela pola escasa participación o profesorado está moi ben valorado 4,16/5, practicamente a mesma puntuación que no curso precedente (gráfico 10). As enquisas de satisfacción no inclúen ningún epígrafe en relación directa co profesorado, xa que a pregunta de recursos humanos só se refire ao PAS, ben cualificado cum 3,9. É unha satisfacción constatar que a satisfacción das persoas egresadas co profesorado alcanza o 4.




Gráfico 10. Enquisas de avaliación docente no Grao en Xeografía e Historia

A continuación pasamos a analizar o sector do PAS

A secretaria administrativa do centro que tomou posesión, a raíz da RPT do curso 2017/2018, estivo de baixa médica todo o curso académico, e continuou a mesma administrativa no posto a través dunha Comisión de Servizos, demostrando unha vez máis a súa eficacia e o seu bo talento.

A unidade administrativa de Apoio aos Centros e a Departamentos acusou outro cambio, xa que unha das xefas de Negociado trasladouse ao Negociado de Asuntos Económicos, asumindo a vacante a persoa que estaba como posto base na secretaría de alumnado. Este cambio non supuxo cambios no Servizo, xa que a nova persoa asignada, tras un breve período de aprendizaxe, asumiu con eficacia as súas funcións, e realizou de forma moi axeitada as funcións relativas ao noso centro, en concreto e de forma fundamental aspectos relacionados coa Calidade e con asuntos económicos.

Respecto aos Asuntos Económicos, hai que salientar que o exercicio económico do ano 2018 pechouse dun xeito normalizado, aínda que o desaxuste entre ano económico e curso académico esixa un maior esforzo de planificación por parte dos equipos directivos.

A porcentaxe de participación das accións formativas deste colectivo volve a regularizarse nun 73,5%, manifestando un decrecemento en relación ao curso anterior. Esta diferenza explícase porque a formación relacionada coa chegada a novos postos de traballo desapareceu, corroborando a idea de asentamento e coñecemento das tarefas a desempeñar (gráfico 11).

Durante o curso 2018/2019 o alumnado, a través da enquisa de satisfacción, volve a conceder unha boa puntuación a este colectivo, alcanzando o 3,9, lixeiramente superior ao curso precedente; bastante inferior é a cualificación outorgada polas persoas egresadas, que chega ao 2,33, pensamos que este dato será puntual, pero deberemos prestar atención para o vindeiro curso.




Gráfico 11. Porcentaxe de participación do PAS vinculado á Facultade de Historia en cursos de formación

No curso 2018/2019 o colectivo do PAS levou a cabo a enquisa de satisfacción, alcanzando unha participación do 100%. As súas repostas serán analizadas comparativamente no criterio de resultados.

Puntos febles detectados:

- As xubilacións de profesorado con prazas estables, son cubertas, a maioría, con profesorado Asociado.
- Envellecemento do cadro do PDI
- Reiteradas baixas, durante anos sucesivos, dun profesor da Área de Historia Contemporánea cando se inicia o seu período de docencia.

Accións de mellora a implantar:

- Conversas sobre o envellecemento do PDI e PAS co equipo reitoral e o vicerreitorado de profesorado expoñendo esta problemática á espera de solucións
- Extensión a todo o curso da docencia dese profesor.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
 E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
 R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
 I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
 I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
 I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
 I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
I02-PE: Cualificación do PDI
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS.

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os aceptados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En xeral, as infraestruturas e o conxunto dos recursos materiais que dispón a facultade de Historia son suficientes para o desenvolvemento do programa formativo do grao en Xeografía e Historia. Como ven sendo habitual, antes de que remate o curso, realízase a planificación do curso seguinte nos aspectos máis fundamentais, como a asignación das aulas, tanto para as clases teóricas como as prácticas, revísase o soporte informático e actualízanse os programas dos ordenadores das aulas. Considérase que o equipamento das aulas é o necesario para o desenvolvemento do programa formativo. En novembro de 2018 renováronse e actualizáronse todos os equipos da Aula de informática, cada vez máis utilizada no desenvolvemento da docencia. Así mesmo, existe unha partida orzamentaria que se reserva para cubrir os gastos de desprazamento das saídas de estudos, que completan a actividade académica das aulas, que se Como ven sendo habitual, o Centro cubriu as necesidades do profesorado que precisou renovar os seus equipos informáticos. Estas melloras foron posibles grazas á partida do edificio correspondente a mantemento e reparacións, xa que nese curso quedou certo remanente.

Outra mellora foi o acolchado das cadeiras dunha aula máis e o electricado de dúas quedando esta última mellora xa aplicada a todas as aulas. En ambos casos esta medida foi resultado da aplicación do Plan de Melloras, xa que o alumnado demandaba esa mellor ergonomía nas aulas e facilidade para acceder cos seus equipos electrónicos á electricidade. Estas melloras foron posibles grazas a asunción dos gastos pola Vicerreitoría de Planificación e Sustentabilidade da Universidade de Vigo.

A pesar de elo, detectamos a través das enquisas de satisfacción a necesidade de certas melloras. Así, continuamos a recibir queixas, tanto do alumnado como do profesorado, respecto á temperatura de determinadas aulas, especialmente as orientadas ao norte.

Para atender as demandas da modalidade semipresencial a ferramenta fundamental é a de teledocencia FaiTic. Desde o equipo decanal se anima ao profesorado a que graven na aula de gravacións que posúe o Centro as sesións teóricas e que logo sexan subidas á mencionada plataforma, xa que esta opción é a preferida polo alumnado desta modalidade. Para todo o proceso é imprescindible a colaboración do persoal de UVigo TV que sempre realizan cunha excelente profesionalidade e talento.

O reparto de dotación anual dos laboratorios docentes, no curso 2018/2019, correspondeulle ao Laboratorio de Xeografía, o Laboratorio de Medieval e CC. Historiográficas e ao Laboratorio de Moderna, Contemporánea e América. Cada laboratorio determinou as súas necesidades materiais e o orzamento foi esgotado na súa totalidade.

Respecto ao edificio do Campus Auga, destinado sobre todo a tarefas de investigación, as obras remataron a fins do 2018 e no 2019 obtivo a licenza de apertura. O Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT) ocupou un seminario na segunda planta e un laboratorio na planta baixa, no espazo coñecido como "A Nave". Se ben o laboratorio amosa unha boa dotación, en canto a mobiliario e equipamento, detéctanse problemas derivados da distribución e ocupación do espazo no que se sitúa. A nave é un enorme espazo sen división interna, no que conviven moitos aparellos electrónicos delicados e ruidosos (por ex. O Tunel do Vento), incompatible co polvo xerado no laboratorio e co traballo que se debe realizar. Ademais é o lugar onde alumnado de Enxeñaría Aeroespacial realiza algunha das súas prácticas. Por eses motivos, o Grupo solicitou que se lle ille o espazo polos motivos expostos e pola seguridade das pezas que alí se prevé gardar, tanto os obxectos procedentes das escavacións como a ferramenta precisa para as intervencións arqueolóxicas.

Na mesma liña que en cursos anteriores unha gran maioría do PDI (todas/os as/os que son fixos) dispón de despachos individuais que permiten desenvolver axeitadamente as tarefas docentes e investigadoras; o persoal contratado, especialmente se é só por un cuadrimestre soe compartir despacho e manifesta que este espazo é suficiente para as súas obrigas.

Seguimos sen atopar un espazo que podamos transformar en unha sala de encontro e intercambio para o profesorado.

O feito de compartir os edificios tanto da docencia como dos despachos e da administración coa facultade de Ciencias de Educación resulta, en xeral, doado porque as relacións entre ambos os dous centros son cordiais e sempre colaborativas, polo que os recursos propios son sempre, na medida do posible, compartidos.

Os espazos comúns ao campus, como as salas de estudo, aulas informáticas de libre acceso, salas de conferencia, biblioteca, pavillón de deportes, etc., son suficientes para as necesidades da comunidade universitaria e compren coas condicións requiridas.

As instalacións das Prácticas Externas considéranse adecuadas. Durante os contactos previos á firma dos convenios e a redacción do programa formativo, a Coordinación infórmase do lugar onde se van levar a cabo, e, en xeral, o alumnado non manifesta queixas respecto ao mesmo.

O valor relativo aos recursos materiais nas enquisas de satisfacción do alumnado é de 2,83 sobre 5, sendo de todos o ítem peor valorado, en concreto as aulas cunha puntuación de 2,20 os laboratorios 2,40. Pensamos que esta baixa consideración debe relacionarse cun momento anterior ao mencionado último acondicionamento das aulas e agardamos que no vindeira enquisa este resposta sexa algo máis favorable. Un asunto que non podemos mellorar é a temperatura das aulas, especialmente de aquelas que están orientadas ao norte. O feito que durante a fin de semana o servizo de calefacción quede completamente anulado, implica que as aulas estean a pouca temperatura a lo menos durante o primeiro día da semana, xa que o tamaño do edificio e a estrutura interior non favorece un quecemento rápido. A puntuación que concede o colectivo do profesorado a este apartado é máis elevado alcanzando na súa cifra global 4,38 sobre 5. A medio camiño entre ambas atópase a cualificación que outorgan as persoas egresadas cum 3,67. A diferenza entre o profesorado e alumnado relaciónase probablemente en que o foco de descontento son as aulas, espazos dos que sen dúbida las/os usuarias/os máis asiduas/os é o último colectivo.

Puntos febles detectados:

- Deficiencias ergonómicas nas aulas dedicadas a docencia temperatura
- Ausencia dunha sala de encontro para o profesorado

Accións de mellora a implantar:

- Investir (fondos propios ou centrais) nas melloras ergonómicas das aulas.
- Tentar de atopar un espazo que se poida converter en un lugar de encontro para o profesorado

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: N° de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na táboa 6 sintetízanse os resultados relativos ás tres taxas: éxito, rendemento e avaliación, de todas as materias do Grao en Xeografía e Historia. Neste criterio se analizarán los resultados relativos ao éxito e a avaliación, e no seguinte os relativos á taxa de rendemento.

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
G251101 Xeografía: Fundamentos de xeografía física	93,62%	83,02%	88,68%
G251102 Historia: Introducción á etnoloxía	94,87%	74,00%	78,00%
G251103 Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	95,12%	81,25%	85,42%
G251104 Idioma moderno: Inglés para humanidades	87,50%	76,36%	87,27%
G251105 Historia de América precolombina e colonial	89,58%	63,24%	70,59%
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	69,70%	42,59%	61,11%
G251202 Historia: Introducción á historiografía	100,00%	64,58%	64,58%
G251203 Arte: Arte clásica	94,59%	70,00%	74,00%
G251204 Teoría e método da arqueoloxía	81,82%	76,60%	93,62%
G251205 Prehistoria universal	100,00%	60,42%	60,42%
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades	94,59%	85,37%	90,24%
G251302 Historia: Fontes de información en humanidades	83,33%	73,17%	87,80%
G251303 Historia antiga universal	91,67%	78,57%	85,71%
G251304 Historia medieval universal	96,88%	86,11%	88,89%
G251305 Paleografía	62,86%	42,31%	67,31%
G251401 Historia: Metodoloxía da historia	86,11%	59,62%	69,23%
G251402 Historia moderna universal	84,38%	62,79%	74,42%
G251403 Historia contemporánea universal	100,00%	90,00%	90,00%
G251404 Historia da arte medieval	94,44%	79,07%	83,72%
G251405 Arqueoloxía aplicada	92,50%	86,05%	93,02%
G251501 Historia antiga da Península Ibérica	91,67%	88,00%	96,00%
G251502 Historia da arte moderna	82,35%	56,00%	68,00%
G251503 Historia medieval da Península Ibérica	100,00%	83,33%	83,33%
G251504 Prehistoria da Península Ibérica	90,00%	78,26%	86,96%
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	100,00%	94,44%	94,44%
G251601 Historia contemporánea de España	88,24%	78,95%	89,47%
G251602 Historia da arte contemporánea	95,24%	76,92%	80,77%
G251603 Historia moderna de España	68,42%	44,83%	65,52%
G251604 Mundo actual	100,00%	80,00%	80,00%
G251605 Sistemas de representación xeográfica	94,44%	89,47%	94,74%
G251901 Historia de América contemporánea	100,00%	100,00%	100,00%
G251903 Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas	100,00%	100,00%	100,00%
G251904 Historia das relixións	100,00%	85,00%	85,00%
G251905 Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	100,00%	88,89%	88,89%

G251906 Historia da arte de Galicia	100,00%	94,74%	94,74%
G251907 Historia medieval de Galicia	100,00%	92,31%	92,31%
G251908 Xeografía de Galicia	100,00%	94,74%	94,74%
G251909 Historia do poder e das institucións	100,00%	100,00%	100,00%
G251910 Mentalidade, identidade e cambio social	100,00%	100,00%	100,00%
G251911 Historia contemporánea de Galicia	100,00%	50,00%	50,00%
G251912 Historia moderna de Galicia	100,00%	100,00%	100,00%
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	100,00%	100,00%	100,00%
G251981 Prácticas externas	100,00%	92,00%	92,00%
G251991 Traballo de Fin de Grao	100,00%	52,78%	52,78%

Táboa 6. Taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia do Grao en Xeografía e Historia

É preciso comezar a análise deste criterio coa constatación que é a segunda vez que realizamos esta reflexión, xa que unha vez realizada, chegou, da Unidade de Análises e Programas da UVigo, unha nova valoración, que distaba bastante da anterior. Vaia por diante o noso rexeitamento a esta situación de cambio de datos, que se ben, progresivamente é menos habitual, aínda, como é este caso, sucede, provocando na coordinación de calidade, ademais dunha innecesaria sobrecarga de traballo, certa desconfianza na información recibida.

A taxa de éxito por materia presenta para o curso 2018/2019 os seguintes resultados, a partir da agrupación de frecuencias que se especifica. Acádase un 100% no 45,5% das materias, case todas elas no 4º curso. O 29,4%, alcanzan unha taxa entre o 90-100%; O 18,2% entre o 80-90% e o 6,8% do conxunto un 60-70%. Os niveles acadados son satisfactorios, case o 75% dos exames son superados por máis do 90% do alumnado que se presenta. E en ningún caso o nivel de aprobados é inferior ao 62 %. En relación coas cifras dos dous cursos anteriores, a taxa media de éxito supera en dous puntos (gráfico 13), alcanzando o 92% e sendo case coincidente coa meta estipulada (93%).

Tamén séguese a constatar que a taxa de avaliación presenta valores inferiores aos acadados en relación co éxito, se ben mellóranse en termos xerais os resultados dos cursos precedentes. Así, obtense un 100% de avaliación no 13,6% das materias, todas elas concentradas no cuarto curso do título; entre un 90 e 100 acadan un valor igual ou superior no 22,7%; entre un 70 e 90% no 40,9%; entre un 60 e 70% no 15,9%; e dúas materias se manteñen próximas ao 50%. Unha delas, repite o xa sinalado en cursos anteriores, xa que trátase do TFG, é a pesar que no curso 2018/2019 se supera o valor acadado no curso precedente, a taxa alcanzada do 52,2% segue a ser baixa. Unha singularidade neste curso que se analiza é que unha materia presenta unha taxa de avaliación máis baixa que o TFG, Historia Contemporánea de Galicia, cum 50%, trátase dunha materia optativa que só tiña catro estudantes na súa matrícula. En termos xerais, que só un 13,6% do alumnado se examine do 100% das materias nas que se matricula, non resulta un porcentaxe satisfactorio. En termos globais que case o 80% se presenten a máis dun 70% das materias para avaliar resulta un índice aceptable.

CURSO ACADÉMICO	TFG MATRICULADOS		TFG DEFENDIDOS	
	Nº	%	Nº	%
2016/2017	40	50,00%	20	50,00%
2017/2018	37	37,84%	14	37,84%
2018/2019	42	54,76%	23	54,76%
TOTAIS	119		57	47,90%

Táboa 7. TFG matriculados e defendidos

No curso 2018/2019 matriculáronse 42 TFG, cinco máis que no curso anterior e dous menos que no 2016/2017. Tamén neste curso o número de defendidos TFG un aumento foi máis elevado (táboa 7), situándose a porcentaxe no 54,7%, aínda que segue a ser baixa, supera amplamente ao do curso anterior en 16 puntos. O obxectivo é que esta tendencia alcista se manteña e que a taxa de avaliación de case o 53%, tamén se vexa incrementada, xa que aínda está lonxe dos obxectivos propostos (non así a de éxito, onde de novo se acada o 100. Ademais, nestas cifras, hai que ter presente que o TFG computa na taxa da cohorte e non do ano académico no que se defende.

Quizais o novo regulamento do TFG aprobado no curso 2018/2019 e que se porá en práctica no 2019/2020 que transforma a defensa ante un tribunal único (antes composto por tres membros) contribúa á dita mellora, diminuíndo a posible tensión do alumnado.

CURSO ACADÉMICO	CUALIFICACIÓNS				TFG TOTAIS
	MH	Sobresaínte	Notable	Aprobado	
2016/2017	3	6	6	5	20
2017/2018	1	5	7	1	14
2018/2019	1	6	15	1	23
Total					57

Táboa 8. Cualificacións do TFG no Grao en Xeografía e Historia

En canto as cualificacións, a máis frecuente é a de notables (65,2%), seguido do sobresaínte (26%), e tan so 1 aprobado (4,3%); a mesma porcentaxe que Así mesmo outorgouse a matrícula de Honra. A taxa de éxito segue a ser o 100%. Estes datos son unha evidencia máis da singularidade desta materia.




Gráfico 12. Taxa de graduación no Grao en Xeografía e Historia

Como se pode comprobar no gráfico 12, a taxa de graduación séguese a manter nun valor moi pouco satisfactorio: 42,42%. Observamos que a tendencia non mellora, xa que nos últimos tres cursos non se logra superar o 45%. É preocupante que ao 2018/2019 lle corresponda o valor máis baixo, descendendo case tres puntos en relación con 2017/2018 e estando lonxe aínda o obxectivo de calidade no 50%, que sabemos que resulta xa baixo. Aínda tendo en conta o comentado sobre a tendencia alcista que se percibe na taxa de avaliación do TFG, está claro que unha porcentaxe salientable do noso alumnado non logra rematar en tempo e forma os seus estudos de grao, aínda que, como xa se comentou, no 75% do total de materias da titulación se acadou unha taxa de éxito superior ao 90%. Unha explicación razoable é que se relacione coa modalidade semipresencial, na que o perfil do alumnado e de xente que combina os seus estudos con outras tarefas, como unha vida laboral ou o coidado

de persoas dependentes. Nestes casos, a posibilidade de ir curso por ano non soe ser viable. Tampouco esquecemos que nesta cifra tamén se inclúe a taxa de abandono, sobre este aspecto reflexionaremos no criterio seguinte.

Puntos febles detectados:

- Escasa porcentaxe de avaliación que alcanza o 100%
- Índice de participación escaso nas enquisas de satisfacción do alumnado e persoas tituladas
- Taxa de gradación escasa

Accións de mellora a implantar:

- Reflexionar posibles causas, nunha primeira etapa sen ter en conta a materia do TFG.
- Incrementar a difusión da importancia de participar para aplicar melloras á titulación.
- Descubrir a causa deste resultado e, na medida do posible, considerar accións para melloralo.

Evidencias nas que se se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
II2: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O primeiro que debemos indicar é que, tal como xa se comentou no criterio 1, por segundo curso consecutivo cubriuse a matrícula de todas as prazas ofertadas no primeiro curso da titulación, debendo salientar que isto se logrou con alumnado que superou a ABAU na primeira quenda de xuño.

A representación conxunta das taxas de éxito, eficiencia e avaliación no gráfico 13 permítenos comprobar que os tres indicadores superan no curso 2018/2019 os acadados no 2017/2018. Para a análise deste criterio comezamos coa valoración da evolución das taxas de éxito, eficiencia e avaliación (gráfico 13).




Gráfico 13. Taxas de éxito, eficiencia e avaliación

Tanto a taxa de éxito, como a de avaliación do curso 2018/2019 son as máis elevadas do trienio; a taxa da avaliación resulta bastante superior á do curso anterior (6 puntos), pero lixeiramente inferior (case 2 puntos) á do curso 2016/2017. Tanto a taxa de éxito como de eficiencia resultan satisfactorias ao superar o 90%, se ben a primeira non alcanza o obxectivo de calidade (93%), a segunda a supera (90%). A taxa de avaliación, se ben satisfactoria, pode ser mellorable.

A taxa de rendemento, que coincide coa meta de calidade asociada a este ítem (75%), amosa unha evolución positiva superando aos cursos 2017/2018 e 2017/2016, respectivamente, en 5 e 4 puntos. Esta tendencia alcista coincide cos valores acadados polo éxito e a eficiencia.

Taxa de rendemento	Curso 2016/2017	Curso 2017/2018	Curso 2019/2020
100%	2	2	6
99% ao 90%	6	11	6
89% ao 80%	8	7	11
79% ao 70%	4	10	10
69% ao 60%	3	6	4
59% ao 50%	3	3	4
Inferior ao 50%	4	3	3

Táboa 9. Taxa de rendemento agrupada no Grao en Xeografía e Historia

Hai que resaltar os seguintes aspectos positivos. En primeiro lugar, por terceiro curso consecutivo, aumentan as materias que superan o 80% na taxa de rendemento (23 de 44, 52,27%); ademais se triplican as que chegan ao 100%, representando o 13,6% da titulación, fronte ao 4,5% en 2017/2018 e en 2016/2017 (táboa 9). Sen embargo, noutro lado da balanza, non se

aprecia melloría nas materias cuxa taxa de rendemento é inferior ao 60%, presentando un valor coincidente co curso 2016/2017 (15,9%) e lixeiramente máis alto que o 2017/2018 (13,6%). Non resulta unha taxa elevada, polo que podemos concluír que a relación entre o número de créditos superados e o de matriculados é satisfactoria, pero pode ser mellorable. Nas táboas 10 e 11 se mostran, respectivamente, as materias con maior taxa de rendemento e as que presentan valores máis baixos.

Materia con maior taxa de rendemento	Curso 2016/2017	Curso 2017/2018	Curso 2018/2019
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades	100%		
G251405 Arqueoloxía aplicada			
G251908 Xeografía de Galicia		100%	
G251907 Historia medieval de Galicia			
G251901 Historia de América contemporánea			100%
G251903 Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas			
G251909 Historia do poder e das institucións			
G251910 Mentalidade, identidade e cambio social			
G251912 Historia moderna de Galicia			
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica			

Táboa 10. Materias con maior taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

Xa se fixo mención a que no curso 2018/2019 se triplican as materias que alcanzan o 100% da taxa de rendemento; en seis materias os créditos superados son os mesmos que os matriculados. Na táboa 9 podemos comprobar outro dato que resulta positivo, que é que nos tres cursos non se repite ningunha materia con esta característica. Outro aspecto interesante é que as materias dos dous últimos anos se corresponden co último ano do título e todas elas son optativas.

Materia con menor taxa de rendemento	Curso 2016/2017	Curso 2017/2018	Curso 2018/2019
G251201 Xeografía: Fundamentos da xeografía humana	32%		
G251105 Historia de América Precolombina e Colonial		46%	
G251402 Historia Moderna Universal		42%	
G251991 Traballo de Fin de Grao		35%	
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana			42,59%
G251305 Paleografía			42,31%
G251603 Historia moderna de España			44,83%

Táboa 11. Materias con menor taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

Pola súa banda, no extremo oposto, das sete que ao longo do trienio contemplado presentan os valores máis baixos, só se aprecia un único caso no que se repite unha mesma materia, pero aínda así en cursos alternos e non de xeito continuado; o cal nos sitúa nun contexto diferente ao indicado nalgúns informes de revisión anteriores, nos que había materias que podían presentar en cursos seguidos as taxas de rendemento máis baixas. Pensamos que esta mellora podería derivar de dous accións: en primeiro lugar da xestión da coordinación do título que inciden na mellora dos materiais que se suben á plataforma de

teledocencia e que especialmente se dirixen ao alumnado semipresencial, pero da cal se beneficia o conxunto; en segundo lugar, a comprensión e aplicación, por parte do profesorado, dos obxectivos e metas de Calidade,

Tal coma comentamos no Criterio 6, a taxa de graduación (gráfico 12) segue a se situar por terceiro curso consecutivo nun nivel modesto (42,42%), sen chegar á meta proposta do 50%. Esta taxa tan baixa non se corresponde coa dificultade das materias do último curso, xa que nelas, como xa se comentou, se rexistra a maior taxa de rendemento. Sen embargo, nun principio, as perspectivas do alumnado son outras a principio de curso, xa que 36 estudantes matriculan a materia do TFG coa esperanza de rematar o seus estudos, destes, tan só 19 se gradúan. Resulta evidente que a escaseza de éxito (52,7%) podería relacionarse con materias pendentes doutros cursos que en determinados casos se “atrancan” e nin sequera se presentan para superalas. Outro factor que xa comentamos e a maior lentitude da modalidade semipresencial polo perfil das persoas que acceden a mesma.

De feito, a duración media dos estudos por parte do noso alumnado sitúase en 4,71. Non obstante, cremos que é posible mellorala de cara a vindeiros cursos (xa constatamos unha diminución de dúas décimas). De manterse a tendencia positiva das taxas de éxito, eficiencia, avaliación e rendemento xa comentadas, unido ao novo modelo de tribunal unipersonal de avaliación dos TFGs que vai entrar en vigor no curso 2019/2020; o cal implica que deberemos seguir a concentrar parte dos esforzos en ambos os dous aspectos.




Gráfico 12. Taxa de graduación no Grao en Xeografía e Historia

Así mesmo, a gráfica 14 correspóndese coa taxa de abandono.




Gráfico 14. Taxa de abandono no Grao en Xeografía e Historia

Xunto coa taxa de graduación, é preocupante a evolución da taxa de abandono. Por terceiro curso consecutivo supérase o 30% e mesmo semella que se está a consolidar unha tendencia de mantemento de valores próximos a esta porcentaxe. Non é doado coñecer as causas concretas desta situación, hai dous anos, dentro do PAESU proxectáramos realizar unha enquisa telefónica, por considerala máis directa e automática que as realizadas vía mail, pero a política de protección de datos impediunos realizar esta acción. Polo tanto só podemos lanzar hipótese e deste xeito e pouco posible abordar posibles melloras.

A única razón que podemos constatar é a daquel alumnado que se matricula na nosa titulación co obxectivo de acceder logo a outra na que non se logrou matricular no ano de inicio dos seus estudos universitarios. A taxa do cambio de estudo se sitúa no 9%, circunstancia que deixaría sen aclarar o 25%. Un factor que sabemos por referencias de persoas coñecidas, tamén se relaciona coa modalidade semipresencial. Incidimos en que o perfil destas persoas e que teñen que demostrar para acceder a esta categoría é que non se pode acudir ás clases por motivos laborais, familiares, atención a persoas dependentes, actividades deportivas de alto nivel e necesidades educativas especiais. Cada un destes supostos pode favorecer o abandono, xa que os propios motivos de acceso poden dificultar o éxito e en consecuencia propiciar o abandono.

O que si parece evidente é que hai unha tendencia, por parte do alumnado, a unha mellor valoración, como pode observarse na satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento que supra a meta fixada en 3,5 situándose en 3,63.




Gráfico 15. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Grao en Xeografía e Historia.



Gráfico 16. Satisfacción xeral do alumnado nas enquisas de satisfacción

Aínda que a porcentaxe de participación na enquisa de satisfacción do alumnado diminúe claramente en relación cos dous cursos precedentes, o valor da satisfacción xeral é lixeiramente máis elevado, acadando un 3,21. Os resultados dos ítems mellor valorados superan en todos os casos os valores máximos dos cursos 2016/2017 e 2017/2018, e se fan eco das melloras

implementadas en relación coa información na rede (utilidade da información sobre a titulación publicada na web, accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web e utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes) e a atención do PAS do centro. Os peor valorados seguen a se relacionar con cuestións estruturais relacionados co edificio no que se desenvolven as actividades docentes, malia as iniciativas de acondicionamento promovidas e a cantidade de sesións prácticas asignadas ás materias, que está establecida na memoria da titulación.

En canto ao profesorado, o índice de participación foi incluso máis elevado que na última enquisa que se realizou alcanzando o 88,4%, tamén se supera a satisfacción global, pasando de 4,2 a 4,4. A puntuación máis baixa é de 4. Estes datos indican un elevado grao de satisfacción por este colectivo.

En relación ao colectivo de persoas tituladas o índice de satisfacción subiu notablemente en relación ao curso anterior, alcanzando o 50%, se ben o resultado do grao de satisfacción xenérico descendeu ata o 3,30. Un aspecto que soe ser recorrente nas enquisas e a baixa cualificación que obtén o ítem de orientación profesional, neste caso 1,67. Curiosamente o Centro leva unha longa traxectoria de organización de sesións de orientación profesional destinado a todo o alumnado, pero especialmente a 3º e 4º curso. Nelas participa unha profesional da Oficina de Orientación e Emprego da UVigo e egresadas e egresados que expoñen as súas experiencias e traxectorias no emprego. A pesar da enorme difusión que se lle concede a esta actividade resulta sorprendente a falla de interese, como se manifesta na escasísima afluencia, a pesar de que se liberan as clases. No pasado curso só asistiu un estudante. Nesta ocasión decidíramos contar cos servizos de UVigoTV e colgamos a presentación na web, sendo visible no seguinte enlace: <http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/saidas-profesionais/>. Tamén se organizaron outras específicas para o PCEO en Turismo e Xeografía e Historia: <http://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/>. A única explicación que podemos dar a esta circunstancia é que a preocupación pola Orientación profesional non se percibe ata que remataron os seus estudos. Nestas mesmas xornadas tamén se informa sobre as opcións de continuación de estudos.

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado	2018/2019	55%	3,21	-A utilidade da información sobre a titulación publicada na web: 4,00	As aulas e o seu equipamento: 2,20
				A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: 3,91	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 2,40
				-A atención do persoal de administración e servizos do centro: 3,91	
			A utilidade da información transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, tableiros, pantallas audiovisuais...): 3,82	A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación: 2,55	
	2017/2018	78% 77%	3,30 2,91	-Horarios: 3,86 -Atención do PAS: 3,86 -Espazos de traballo autónomo e equipamento: 3,86 -Calendario probas avaliación: 3,71 -Accesibilidade da información na web: 3,67 -Atención do PAS: 3,81 -Calendario probas avaliación: 3,72 -Horarios: 3,47	-Orientación académica recibida no PAT: 2,29 -Cantidade de prácticas realizadas: 2,43 -Capacidade aplicar habilidades e destrezas adquiridas: 2,83 -As aulas e o seu equipamento: 2,06 -Laboratorios, aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais e o equipamento: 2,32 -Coordinación entre materias: 2,47
	2016/2017	65% 70,83%	2,74 2,90	-Información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e avaliación das aprendizaxes: 3,53 -Información pública sobre as competencias do plan de estudos: 3,52 -Calidade das probas de avaliación: 3,50 -Calidade da docencia na titulación: 3,45	-Accións desenvolvidas ao PAT: 2,14 -Laboratorios, aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 1,75

Profesorado	2018/2019	88,46 %	4,44	A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos 4,77	-A dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na titulación: 4,00 -As competencias adquiridas polo alumnado: 4,00
				-A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios ...): 4,70 -As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,70	A coordinación entre as materias do plan de estudos: 4,17
				O calendario das probas de avaliación: 4,65	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 4,27
	2017/2018	Non hai datos			
	2016/2017	85%	4,29	-A información dispoñible sobre as competencias do plan de estudos: 4,75 -A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios...) : 4,75	A coordinación entre as materias do plan de estudos: 3,50
				-O calendario das probas de avaliación: 4,58	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 3,55
				-As competencias do plan de estudos: 4,50 -A coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal: 4,50	A adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do alumnado: 3,73

Persoal titulado	2018/2019	50%	3,30	<p>-Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): 4,5</p> <p>-As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...): 4,5</p>	A orientación profesional e laboral: 1,67
				<p>-A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade: 4,00</p> <p>-A cualificación do profesorado: 4,00</p>	-A orientación académica para continuar os estudos: 2,00 -Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): 2,00
				<p>-A actualización dos contidos: 3,67</p> <p>-As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: 3,67</p> <p>-A xestión da calidade na titulación: 3,67</p> <p>-As infraestruturas e os materiais dispoñibles: 3,67</p>	A cualificación do persoal de administración e servizos: 2,33
	2017/2018	11%	4,06	<p>-Accesibilidade da información para as persoas tituladas: 5,00</p> <p>-Utilidade da información para as persoas tituladas: 5,00</p> <p>-Cualificación do PAS: 5,00</p>	-Actualización dos contidos: 2,5
	2016/2017	32%	3,99	<p>-Competencias, formación, información e orientación: 5,00</p> <p>-Organización das materias: 5,00</p> <p>-Adecuación do profesorado: 5,00</p> <p>-Servizos (sec. de alumnado e biblioteca): 5,00</p> <p>-Os resultados e a xestión da calidade: 5,00</p>	-Orientación profesional e laboral: 4,33

PAS	2018/2019	80%	4,33	-A comunicación cos/as responsables académicos/as (decanato/dirección do centro e do departamento, e coordinadores/as): 5,00 -A comunicación co profesorado: 5,00	-A dotación do PAS adscrito: 2,00
				-A información dispoñible para o alumnado: 4,75 -A información dispoñible na páxina web do centro: 4,75	-A formación para facilitar o desempeño das súas funcións: 3,50 -As vías de participación para a mellora da calidade: 3,50
				-A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo: 4,50 -A comunicación co alumnado: 4,50 -A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico: 4,50	-As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo: 3,75 -Satisfacción coa información dispoñible sobre a xestión da calidade : 3,75
	2017/2018	Non hai datos			
	2016/2017	Non hai datos			

Puntos febles detectados:

- Taxa de abandono moi elevada
- Taxa de gradación escasa
- Escasa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción

Accións de mellora a implantar:

- Tratar de determinar as causas e a partir das mesmas determinar as melloras
- Difusión a través de mail e das/os delegadas/os de curso a importancia de participar nas enquisas para implementar melloras

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

- I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
□ Taxa de gradación

- Taxa de abandono
 - Taxa de eficiencia
 - Taxa de rendemento
 - Taxa de éxito
 - Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada en marzo de 2018, derivada, como se explicou no Informe de revisión do curso pasado, dunha reforma do Memoria orixinal. Durante o curso 2018/2019 volveu solicitarse unha pequena modificación neste caso relativa unicamente a adscrición do título, xa que a escola de Enxeñaría de Minas decidiu non continuar como Centro adscrito. Esta circunstancia provocou unha serie de cambios formais na Memoria, se ben a colaboración e adscrición de materias ao mencionado centro permanece idéntica.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2018/2019, por primeira vez, dende que está impartíndose este título, non se alcanzou o número mínimo de alumnado de primeira matrícula requirido pola Xunta de Galicia, que é de 20, sendo a cifra total de matrícula 16. Non é posible determinar as causas e tanto desde a Coordinación como desde o Centro agardamos que sexa unha circunstancia puntual e que no curso 2019/2020 se recuperen as cifras que veñen sendo habituais.



Gráfico 17. Estudantes de primeira matrícula no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Na táboa 12 se detalla ao perfil do alumnado matriculado:

2017/2018	Modalidade Ingreso	Estudo Acceso	Nº	%
	Licenciatura	Dereito	1	5,00%
		Antropoloxía Social e Cultural	1	5,00%
		Filosofía	1	5,00%
		Historia	2	10,00%
		Historia da Arte	2	10,00%
		Xeografía e Historia	1	5,00%
	Arquitectura	Arquitectura	1	5,00%
	Outros títulos académicos superiores	Música	1	5,00%
		Conservación e Restauración de Bens Culturais	1	5,00%
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial	Estudos realizados no estranxeiro	3	15,00%

	de estudos estranxeiros			
	Graduados Superiores	Xeografía e Historia	3	15,00%
		Historia da Arte	1	5,00%
		Enxeñaría en Organización Industrial	1	5,00%
		Arqueoloxía	1	5,00%
	Total		20	100%
2018/2019	Modalidade Ingreso	Estudo Acceso	Nº	%
	Licenciatura	Publicidade e Relacións Públicas	1	6,25%
		Historia	1	6,25%
	Arquitectura	Arquitectura	4	25%
	Outros títulos académicos superiores	Conservación e Restauración de Bens Culturais	2	12,5%
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Estudos realizados no estranxeiro	2	12,5%
	Graduados Superiores	Xeografía e Historia	1	6,25%
		Historia da Arte	1	6,25%
		Historia	1	6,25%
		Arqueoloxía	2	12,5%
		Tradución e interpretación	1	6,25%
	Total		16	100%

Táboa 12. Perfil do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Aínda que segue a destacar un perfil multidisciplinar, en consonancia co título; a continuación destacamos as procedencias máis comúns. Coincidindo co curso anterior, a predominante é unha formación relacionada coa antiga Xeografía e Historia cun 37,5%, seguida por Arquitectura cun 25% e Conservación e Restauración de Bens Culturais cun 12,5%.

En canto á procedencia xeográfica presentamos o seguinte gráfico:





Gráfico 18. Lugar de procedencia do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Deste gráfico podemos concluír que segue predominando a orixe vinculada á comunidade autónoma de Galicia cun 62,5%, especialmente da provincia de Pontevedra (31,25%), seguido de Ourense (25%); outro 25% procede de distintos lugares de España e o 1,6 % restante Latino América, en concreto Perú, país do que xa tivemos un estudante o curso pasado. Destes datos podemos deducir que se ben a modalidade semipresencial permite cursar este título a persoas de fóra da Comunidade Autónoma, a orixe xeográfica foránea non é a predominante.

A seguinte táboa recolle a nota media de acceso, diferenciando por muller e home, e o total:

Curso		Nota media Home	Nota media Muller	Nota media total
2017/2018	Licenciatura en Dereito		7,000	7,000
	Licenciatura en Antropoloxía Social e Cultural		6,100	6,100
	Licenciatura en Filosofía		6,650	6,650
	Licenciatura en Historia	6,510	7,287	6,899
	Licenciatura en Historia da Arte	1,912		1,912
	Licenciatura en Xeografía e Historia	6,260		6,260
	Licenciatura en Arquitectura			0,000
	Titulación Superior en Música			0,000
	Titulación Superior en Conservación e Restauración de Bens Culturais			0,000
	Estudos realizados no estranxeiro		8,003	8,003
	Grao en Xeografía e Historia	8,528	7,010	7,769
	Grao en Historia da Arte		9,100	9,100
	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial		6,575	6,575
	Grao en Arqueoloxía		8,240	8,240

Curso		Nota media Home	Nota media Muller	Nota media total
2018/2019	Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas		10,000	10,000
	Licenciado en Historia		6,300	6,300
	Título de arquitectura del sistema universitario español	-	-	-
	Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais e os seus homologados no RD 490/94 e OM de 05/04/1942		-	-
	Título Superior Conservación e Restauración de Bens Culturais	-		-
	Estudos realizados no estranxeiro		-	-
	Graduado en Tradución e Interpretación		6,520	6,520
	Graduado en Xeografía e Historia	7,468		7,468
	Graduado en Historia da Arte	8,705		8,705
	Graduado en Historia	7,590		7,590
	Graduado en Arqueoloxía	6,900	6,900	6,900
	Nota media			7,640*

Táboa 13. Nota de acceso ao Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
* Non inclúe a totalidade das notas de acceso dos matriculados

Como se pon de manifesto, os datos que proporciona a Unidade de Estudos e Programas da UVigo sobre a nota media de acceso non permiten realizar unha valoración rigorosa, xa que non se inclúe a totalidade das notas de acceso. O cálculo das que si constan en base 10 alcanza unha media de 7,26, lixeiramente superior ao no curso pasado. A nota mínima de acceso é de 6,3, valor que se considera satisfactorio.

A participación na enquisa de satisfacción do alumnado resultou, un ano máis escasa, situándose nun 37,5%, cifra que lle resta representatividade. Tendo en conta esta premisa, imos analizar as respostas no apartado correspondente, realizando unha valoración global no último criterio, relativo aos Resultados.

No apartado de “organización e desenvolvemento” as respostas superan o aprobado, xa que a media entre as 6 preguntas referidas a este criterio é de 3,6. Este resultado aínda que é satisfactorio, sen dúbida é mellorable. De todo o grupo o ítem mellor valorado é “O calendario e as probas de avaliación” cum 4,1, seguido dun 3,8 que alcanzan tanto “A estruturación e organización temporal das materias”, como “Os horarios”. Noutro extremo, os ítems peor valorados, cum 3,1, son “A coordinación entre materias” e “A orientación académica recibida no PAT”. Neste último caso, é difícil dirimir as causas, xa que o coordinador do PAT reúnese con regularidade co alumnado para coñecer as súas opinións sobre as dinámicas do curso e así se recolle no informe que pode ser consultado no seguinte enlace:

http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhtco3_2018-19.pdf

Curso	a. Estudiantes saíntes	b. Estudiantes entrantes	c. Total (a+b)	d. Estudiantes matriculados	% de c. sobre d.
2016/2017	1	0	1	35	2,86 %
2017/2018	1	0	1	37	2,70 %
2018/2019	0	0	0	28	0 %
TOTAL	2	0	2	100	2,00 %

Táboa 14. Alumnado participante en programas de mobilidade internacional no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Respecto ao recoñecemento de créditos, todas as solicitudes relaciónanse coa materia de Prácticas Externas, circunstancia que ven dada pola situación comentada de que están desenvolvendo unha actividade profesional.

Puntos débiles detectados:

- Escasa participación nas enquisas de satisfacción
- Non se alcanza o número mínimo de alumnos que se indican na Memoria

Accións de mellora a implantar:

- Difusión a través de mail e das/os delegadas/os de curso a importancia de participar nas enquisas para implementar melloras
- Ampliar as campañas de difusión e as actividades de captación

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
 E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
 E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
 I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

A información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Xunto á información que a Facultade de Historia ofrece sobre o Centro <http://historia.uvigo.es/es/> e sobre o título do mestrado <http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/>, o mestrado conta cunha páxina web propia, que pode ser consultada no seguinte enlace: <http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/>. A mesma empresa encárgase de manter a web do Centro e a do título e este aspecto resulta eficaz. Así, tamén está pendente cambiar o formato para adecuarse ao da UVigo e ao da Facultade.

Un obxectivo prioritario da coordinación é manter a información constantemente actualizada e así se recolle no Plan Operativo de Información Pública da facultade de Historia que cada curso actualizamos coa validación da Comisión de Calidade e a aprobación da Xunta de Facultade, que pode consultarse no seguinte enlace: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2018.pdf. Este procedemento, eríxese como unha garantía da información e transparencia, cumprindo os requisitos establecidos polo programa de Calidade do centro, da UVigo e da ACSUG.

Outro medio de transmisión da información co alumnado é o denominado Espazo de Coordinación, incluído na plataforma FaiTic da UVigo como unha materia máis, coa diferenza que nela se integra todo o profesorado e alumnado matriculado no título. Todos aqueles aspectos de interese, súbense a este apartado unha vez gravados para que podan ser visualizadas en calquera momento, aspecto que está en sintonía coa modalidade semipresencial deste mestrado. Así por exemplo, actos como a sesión de acollida ou a exposición das casuísticas específicas de determinadas materias con, como as Prácticas Externas ou o Traballo de Fin de Mestrado.

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado son elevados no ítem de “Información da páxina web do título”, que case alcanza a cualificación de 4,2. Sen embargo so alcanza o 2,67 “A información sobre actividades extra-académicas”.

Respecto á satisfacción do profesorado, cunha participación do 64,71%, os resultados de todos os aspectos relacionados coa información está moi ben cualificados, sempre igual ou por riba de 4. En concreto, “A información sobre a Calidade” cun 4; “A difusión das actividades extraacadémicas” 4,4; Tanto o apartado de “A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios ...), como o de “A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos” alcanzan 4,5.. resultados, todos eles, ben satisfactorios.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escasa información sobre as actividades extra-académicas en opinión do alumnado • Descoñecemento do significado do PAT e das súas actuacións 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Difusión entre o alumnado das redes sociais da UVigo e da Facultade • Charlas informativas da coordinación do PAT, explicando as súas funcións e actuacións
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.</p>	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

<p>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración: Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración: Como o Sistema de Calidade é unha cuestión que depende directamente do Centro, remitimos para este apartado ao contido do Criterio 3 que se desenvolveu en relación co Grao para os aspectos xenéricos. Como temas de relevancia específicos é preciso indicar que no curso 2018/2019 solicitouse unha modificación menor da Memoria, xa comentada, por solicitude da Escola de Enxeñaría de Minas que non desexaba figurar como centro co-adscrito. Esta circunstancia obrigou a cambiar a Memoria en certos criterios, como por exemplo, os recursos materiais ou humanos. Como xa se comentou esta circunstancia non influíu na participación docente e como membros integrantes da Comisión Académica dese Centro no título. A opinión do alumnado respecto a implementación da Calidade non é moi elevada, alcanzando o 2,3. Resulta sorprendente porque hai unha soa cuestión na enquisa que se refire “As canles de participación na mellora da titulación”. Sen embargo, a pesar das insistentes solicitudes/recordatorios que tanto desde o decanato como desde a coordinación realizamos para que cubriran esta enquisa, un canle fundamental para a mellora da titulación, a participación foi moi baixa, só un 37,5%.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Descoñecemento polo alumnado das canles de participación na mellora da titulación. 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Difundir entre o alumnado a importancia da participación nas enquisas e explicarlles a vía institucional da UVigo para expor as QSP
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u> E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</p>	

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC
EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)
Indicadores nos que se baseou a valoración:
I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade
I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:	
<p>A información máis salientable relacionada co PDI, actualizada permanentemente (perfil investigador, materias que imparte, contacto, despacho e horas de titorías) pode ser consultada na web do mestrado, no seguinte link: http://masterlhtco3.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado.</p> <p>O profesorado que participa conta coa cualificación esixida para impartir a docencia asignada e prestar a atención debida ao alumnado. Ao tratarse dun título multidisciplinar, o persoal académico está formado tamén por docentes e investigadoras/es de outras universidades do SUG, así como profesionais especializadas/os con experiencia nos respectivos campos. Durante o curso 2018/2019 participaron un total de 32 docentes –dos cales 15 eran externos-. A Universidade de Vigo establece o orzamento dos mestrados en función do número de alumnas/os, unha proporción importante do mesmo emprégase na contratación de profesorado externo a quen se lle abonan as horas de docencia impartidas. Tanto o profesorado interno como externo son docentes e investigadoras/es que nun 53,1% son doutores/as, unha porcentaxe bastante inferior que no curso anterior. Tendo en conta que polas circunstancias profesionais de algúns deles, non poden acceder á solicitude de sexenios, o número de 20 sexenios parece satisfactorio</p> <p>Dos asuntos administrativos dos mestrados encárgase Área Académica de Mestrado e Doutoramento que está integrada por tres persoas, que resollen adecuadamente todas as cuestións</p> <p>O valor xenérico que se da a esta Unidade por parte do alumnado é de 3,3, o que resulta satisfactorio, aínda que mellorable. É preciso aclarar que a pregunta está directamente relacionada coa valoración dos PAS. Na enquisa realizada ao profesorado non se pregunta pola valoración do Persoal de Administración e Servizos. Destaca a elevada puntuación que o alumnado concede á pregunta sobre “A coherencia da asignación da docencia coa capacitación do persoal”, que alcanza 4,5. Seguindo da consideración á “Calidade da docencia” con 4,4, a mesma puntuación que se outorga ao “Desenvolvemento das ensinanzas”.</p>	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
•	•
Evidencias nas que se baseou a valoración:	
<p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)</p>	
Indicadores nos que se baseou a valoración:	
<p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u></p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas</p> <p>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u></p>	

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
 I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
 I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
 I02-PE: Cualificación do PDI
 I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)
 I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os aceptados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do alumnado son os aceptados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como o mestrado en Valoración, Xestión e Restauración do Patrimonio Cultural está adscrito á Facultade de Historia, o alumnado dispón de todos os recursos do centro. Sen embargo, como a docencia é de carácter semipresencial, non se requiren certos espazos convencionais, como aulas, xa que as sesións impártense a través de videoconferencia, ou multivideoconferencia, a través da plataforma e-Meeting, que dota a cada materia de unha sala virtual, con un fácil acceso e moita operatividade.

Para utilizar este servizo resulta imprescindible o apoio dos servizos centrais da UVigo-TV. Os principais recursos materiais que se precisan son equipos informáticos dotados de cámara web e auriculares con micro integrado. O Centro provee dos mesmos ao profesorado.

Xunto coas gravacións, a maior parte do desenvolvemento da docencia realízase a través da plataforma FaiTic, onde se inclúen todas as materias do programa formativo e os recursos necesarios para alcanzar con éxito as competencias. A singularidade a destacar, que deriva da modalidade semipresencial, é que na plataforma tamén se suben as sesións gravadas. As instalacións onde se realizan as Prácticas Externas dependen das institucións ou empresas coas que se asinan convenios e reúnen as condicións necesarias para o seu desenvolvemento.

O alumnado segue a mostrar un elevado grao de satisfacción neste criterio que alcanza a puntuación máis elevada cun 4. En relación coa modalidade semipresencial, o alumnado, de acordo coa súa modalidade, non responde a pregunta concreta que se refire aos espazos físicos, polo que esa elevada puntuación refírese ao “Traballo autónomo” e “A plataforma multimedia”. Resulta evidente que os problemas que se comentaron o curso pasado, relativo ao deficiente funcionamento foron solucionados. Para o título este é un dos aspectos fundamentais polas súas propias características. Como xa se comentou anteriormente, unha das vantaxes é a posibilidade de facelo, non só fóra de Galicia, senón tamén fóra de Europa. Por ese motivo os recursos on-line, deben funcionar dun xeito operativo. O profesorado do mestrado outorga unha puntuación algo máis elevada á plataforma de teledocencia cun 4,4 e o apartado relativo ao traballo autónomo un 4,3. A media dos apartados relativos aos recursos materiais por parte do profesorado alcanza o 4,2.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Comezamos a reflexión deste criterio co análise da táboa 15 que inclúe os datos sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia.

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
M143101 Concepto e Categorias do Patrimonio Cultural	94,12%	94,12%	100%
M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural	100%	75%	75%
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	100%	64,71%	64,71%
M143104 Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	100%	57,89%	57,89%
M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	100%	59,09%	59,09%
M143106 Catalogación e Risco	100%	100%	100%
M143107 Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	93,75%	83,33%	88,89%
M143108 Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	75%	42,86%	57,14%
M143109 Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	100%	63,64%	63,64%
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	85,71%	52,17%	60,87%
M143111 Introducción á topografía e produción cartográfica	100%	68,75%	68,75%
M143207 Caracterización e Documentación Histórico-Artística	100%	63,64%	63,64%
M143208 Territorios e Paisaxe Cultural	100%	61,54%	61,54%
M143209 Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	100%	75%	75%
M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	100%	50%	50%
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	100%	23,08%	23,08%
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	90,91%	71,43%	78,57%
M143213 Prácticas	100%	50%	50
M143214 Traballo Fin de Mestrado	100%	33,33%	33,33%
M143215 Educación patrimonial e innovación social	100%	83,33%	83,33%
M143216 Patrimonio cultural e turismo	100%	50%	50%
M143217 Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	100%	60%	60%
M143218 Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible	75%	66,70%	88,89%

Táboa 15. Taxa de éxito, rendemento e avaliación de materias do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

En relación á taxa de avaliación (gráfico 21) as cifras resultan medianamente satisfactorias. Analicemos os datos de forma detallada: dúas materias alcanzan (case o 8,7%) o 100% é dicir, todo o alumnado matriculado presentouse ao exame. O 26% están entre o 75% e o 90%; o 30,5% entre o 60% e o 70%; o 26% entre o 50% o 60%. E dúas materias están por baixo si 50%. Unha delas o TFM cuxa casuística analizamos nun apartado específico. Máis preocupante resulta a cifra do 23,08% do total de alumnado matriculado que presentouse a avaliación da materia “Deseño de Exposicións o Modelos Expositivos”. Entendemos que aínda que se trate dun caso aillado neste curso, sería aconsellable tratar de coñecer cal é a causa.

A seguinte táboa recolle a evolución da taxa de rendemento por grupos de porcentaxes nos últimos tres cursos, permitindo establecer unha comparativa.

Taxa de rendemento	Curso 2016/2017	Curso 2017/2018	Curso 2018/2019
100%	0	0	1
99% ao 90%	0	2	1
89% ao 80%	3	2	2
79% ao 70%	13	6	3
69% ao 60%	1	3	7
59% ao 50%	0	5	6
Inferior ao 50%	1	0	3

Táboa 16. Rendemento de materias do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A taxa media de rendemento de todas as materias (gráfica 19) sitúase nun 54%, moi lonxe da meta fixada na política e obxectivos de Calidade (88%). Sen dúbida é un resultado pouco satisfactorio que supón unha baixada considerable (8 puntos) con respecto ao curso anterior que xa non era demasiado óptima (66%). Dada a elevada taxa de éxito, podemos deducir que un elevado número de estudantes non se presentan a algunhas materias das que están matriculados. Se analizamos por porcentaxes, a taxa de rendemento pode resumirse nas seguintes cifras. Unha única materia alcanza o 100%, o que quere dicir que só nesta materia se presenta e a supera todo o alumnado matriculado. O 30,4% alcanza unha taxa entre o 69% e o 60% e o 26% entre o 59% e o 50. Tres materias (13%) presentan unha taxa inferior ao 50%, sendo a porcentaxe máis elevada no análise comparativo dos tres últimos cursos. Unha destas materias é o TFM que analizaremos a continuación. Un dato que debemos analizar se é puntual ou se mantén, refírese materia de “Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos” na que a taxa de rendemento é tan só do 23,08%, a coincidencia desta cifra coa taxa de avaliación e o 100% da taxa de éxito indica que o número de persoas que se presentaron a esta materia é moi baixo. Unha segunda materia que habería que comprobar a súa evolución no curso 2019/2020 é “Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural”, cunha taxa de rendemento do 42,86%, presentáronse o 57,14% e destes a superaron o 75%.

O 55% das materias acadan entre o 70 e o 95% e o 44,4% se sitúan entre o 50 e o 70%. Consideramos satisfactorio que non se rexistre ningunha materia por baixo do 50%. A taxa de rendemento máis baixa é do 53% e se refire ao Traballo de Fin de Mestrado, cuxas características comentaremos a continuación. A diferenza do curso pasado os resultados están máis repartidos, ampliándose a proporción que vai entre o 50 e o 59%.




Gráfico 19 . Taxa de rendemento do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Na seguinte táboa 17 se reflicten as materias con maior taxa de rendemento:

Materia con maior taxa de rendemento	Curso 2016/2017	Curso 2017/2018	Curso 2018/2019
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	86%		
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural		95%	
M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural			
M143106 Catalogación e Risco			100%
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural			94,12%

Táboa 17. Materias con maior taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Xa comentamos que a taxa de rendemento máis elevada é dunha materia que alcanza 100%, a seguinte cun nivel moi satisfactorio é do 94,12%, cunha puntuación maior que o curso pasado. Considérase un aspecto positivo que as materias non se repitan, xa que elo indica que o resultado só pode relacionarse co esforzo do alumnado. A seguinte táboa recolle a evolución nos últimos tres cursos das materias con menor taxa de rendemento:

A seguinte táboa recolle a evolución nos últimos tres cursos das materias con menor taxa de rendemento:

Materia con menor taxa de rendemento	Curso 2016/2017	Curso 2017/2018	Curso 2018/2019
M143214 Traballo Fin de Mestrado	41%		
M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	67%		
M143214 Traballo Fin de Mestrado		53%	
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial		54%	
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos			23,08%
M143214 Traballo Fin de Mestrado			33,33%

Táboa 18. Materias con menor taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

O primeiro que hai que resaltar é que, ao igual que sucedía no Informe di curso pasado, volven a coincidir nos tres cursos a baixa taxa de rendemento do TFM, aínda que como novidade, o curso que analizamos, non é a máis baixa. Xa comentamos liñas máis arriba a circunstancia da materia de “Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos”, é importante analizar os resultados do curso 2019/2020, se ben é certo que non é coincidente coas dos cursos anteriores.

Na seguinte táboa recóllese unha evolución dos tres últimos anos sobre a casuística concreta da materia Traballo de Fin de Mestrado.

CURSO ACADÉMICO	TFM MATRICULADOS	TFM DEFENDIDOS	
	Nº	Nº	%
2016/2017	32	13	40,62%
2017/2018	36	19	52,78%
2018/2019	27	9	33,33%
Totais	95	41	43,16%

Táboa 19. Relación de TFM matriculados e defendidos no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Os datos que ofrece esta táboa, son cando menos, bastante preocupantes, xa que resulta ser, dos tres cursos consecutivos, a cifra máis baixa, descendendo notablemente en relación co curso precedente. A pesar de que somos conscientes de que esta cifra se relaciona en parte coa normativa da UVigo que obriga a que esta materia se curse unha vez que o resto estean superadas, e co propio perfil do alumnado que, dado o carácter semipresencial, combina o título coa súa vida profesional; pensamos que estas cifras requiren un estudo para coñecer as causas concretas, ademais de estar pendentes das cifras do vindeiro Informe para comprobar se esta circunstancia é puntual.

CURSO ACADÉMICO	CUALIFICACIÓNS				TFM TOTAIS
	MH	Sobresafnte	Notable	Aprobado	
2016/2017	0	2	7	4	13
2017/2018	2	3	9	5	19
2018/2019	1	3	4	1	9
Total					41

Táboa 20. Cualificacións do TFM no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

En relación coas cualificacións, nesta táboa pode apreciarse que os traballos presentados considéranse bastante satisfactorios, se remos en conta que so un obtén a cualificación de Aprobado, o 44% , o 33,3% Notable e 1 Matrícula de Honra.

Puntos febles detectados:

- Número de TFM defendidos moi escaso
- Baixa taxa de avaliación da materia “Deseño de Exposicións o Modelos Expositivos”
- A media da taxa de rendemento é moi baixa

Accións de mellora a implantar:

- Comprobar se no curso seguinte se mantén esta taxa tan baixa
- Coñecer á causa de porque a relación entre créditos superados e matriculados (rendemento) é tan elevada e tentar aplicar melloras ao respecto.

Evidencias nas que se se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No apartado anterior analizamos a taxa de avaliación e de rendemento, de forma global e pormenorizada por materias, a continuación se inclúe unha gráfica que recolle a evolución da taxa de éxito nos últimos tres cursos.




Gráfico 20. Taxa de éxito do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A partir do gráfico podemos determinar a boa marcha deste ítem que supera nun punto a meta proposta, que situámos en 95%; aínda que se rexistra unha lixeira baixada con respecto ao curso anterior, o dato segue a ser moi satisfactorio. Da táboa 15 que se incluíu no criterio anterior extraemos que o 73,9% das materias alcanza unha taxa de éxito do 100%, é dicir que case 2/3 das persoas que se presentan a avaliación a superan, case o 17,4 % se sitúan entre o 95% e o 85%. Dúas materias, case o 8,7 % se quedan no 75%, sendo este o valor máis baixo. Esta circunstancia non é allea a xa comentada, no criterio anterior, a baixa taxa de avaliación, tal e como se manifesta no seguinte gráfico:




Gráfico 21. Taxa de avaliación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Aínda que non se recolle na meta un obxectivo relacionado coa taxa de avaliación, a todas luces os resultados obtidos non resultan satisfactorios. Aínda que é positivo que esta non tivese descendido con respecto ao curso pasado, os resultados manifestan que só un 8,6% do alumnado preséntase a todas ás materias para ser avaliada/o, é 30,5 % tenta superar un abano de materias entre o 75% e o 89 % e o 6% só se presentan as materias entre o 50% e o 69%.

Sen dúbida unha das causas se relacionan coas propias circunstancias do alumnado, xa comentamos que en moitos casos están desenvolvendo unha actividade profesional que as veces demora a realización das avaliacións pertinentes. Hai dous aspectos que deben preocuparnos: a moi baixa da taxa de avaliación do TFM, por baixo do 50%, menor que no curso anterior en vinte puntos (33,33 %), e que aínda hai unha materia cunha taxa aínda menor, como xa comentamos no criterio anterior.

Na gráfica seguinte móstrase a evolución dos resultados da taxa da graduación nos tres últimos cursos:




Gráfico 22. Taxa de graduación no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Coa taxa de avaliación que acabamos de analizar, os resultados da taxa de graduación, aínda son máis baixos que en cursos anteriores, quedando 3 puntos por baixo da meta de Calidade que fixamos, que en absoluto era elevada. A pesar destes datos, unha cifra que resulta esperanzadora é que a taxa de abandono, aínda que ascende con respecto ao curso anterior, non resulta demasiado elevada, alcanzando o 7%. Iso significa que aínda que o avance na superación de materias é lento, elo non implica o abandono do título.

A continuación farase referencia aos resultados de satisfacción global, comezando polo índice de satisfacción, aspecto que se recolle no seguinte gráfico:




Gráfico 23. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

O índice de participación na enquisa de satisfacción, aínda que moi semellante ao curso pasado, continúa a ser baixa, aspecto que nos mediatiza á hora de extraer conclusións, xa que sen dúbida serán datos limitados porque están 22 puntos por baixo da metade do alumnado. Neste senso os reiterados esforzos de difusión tanto pola coordinación do título, como pola coordinación de Calidade non deron os seus froitos desexados. Se ben é certo que nunha modalidade semipresencial, ao non ter o contacto directo co alumnado, resulta máis complicado transmitir a importancia desa participación. Por outra banda, resulta curioso que se valore negativamente os canles de participación da mellora da titulación, ítem que recibe a puntuación máis baixa (2,33).

A continuación, inclúese a gráfica correspondente ao grao global de satisfacción. Nela podemos ver, respecto ao alumnado o índice de satisfacción global no curso 2018/2019 sitúase a medio camiño entre os dous cursos precedentes, alcanzando unha puntuación de 3,54, que aínda que satisfactoria, recoñecemos que pode ser mellorada.



Gráfico 24. Satisfacción xeral do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Na táboa seguinte rexístrase un resumo dos aspectos máis significativos das enquisas de satisfacción con carácter evolutivo, reflectindo os tres últimos cursos.

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado	2018/2019	37,50%	3,54	-O calendario das probas de avaliación: 4,17 -A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: 4,17	-As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...): 2,33
				-A utilidade da información sobre a titulación publicada na web: 4,00 -Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: 4,00	-A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): 2,67 -A información sobre as actividades extracurriculares

				-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,00 -A formación adquirida (coñecementos e contidos): 4,00	(actividades culturais, deportivas, sociais...): 2,67
				Os horarios da titulación: 3,88	A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: 3,17
	2017/2018	38%	3,80	-Capacidade para aplicar as habilidades e destrezas: 4,29	-Información sobre actividades extracurriculares: 2,77
				-Formación adquirida: 4,21	-Horarios: 3,50 -Canles de participación na mellora da titulación: 3,50
				-Espazos de traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: 4,14	-Utilidade da información: 3,54
2016/2017	22,14%	3,37	-Plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,35 -Calidade da docencia na titulación: 4,25	-Proporción entre as clases teóricas e as practicas: 2,20	
Profesorado	2018/2019	64,71%	4,33	O calendario das probas de avaliación: 4,59	As vías de participación na mellora da calidade da titulación: 3,94
				-A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos: 4,55 -Os horarios da titulación: 4,55	A información dispoñible en relación coa calidade: 4,00
				-A coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal: 4,53	-A coordinación entre as materias do plan de estudos: 4,10 -As aulas e o seu equipamento: 4,10
	2017/2018	Non hai datos			
	2016/2017	63,99%	4,41	As plataformas de teledocencia e	

				ferramentas multimedia: 4,75 O calendario das probas de avaliación: 4,67	A proporción entre as clases teóricas e as prácticas: 4,06
Persoas tituladas	2018/2019	26,32%	3,40	-A actualización dos contidos: 4,00 -A cualificación do persoal de administración e servizos: 4,00 -Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): 4,00 -Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): 4,00	-A organización xeral do plan de estudos da titulación: 2,67 -As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: 2,67 -A orientación profesional e laboral: 2,67
				-A cualificación do profesorado: 3,67 -As infraestruturas e os materiais disponibles: 3,67 -A formación adquirida: 3,67 -A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 3,67	-A orientación académica para continuar os estudos: 3,00 -A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso: 3,00 -As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...): 3,00
				Os programas de mobilidade, de ser o caso: 3,50	-A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade: 3,33 -A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade: 3,33 -A xestión da calidade na titulación: 3,33

	2017/2018	36%	3,84	<ul style="list-style-type: none"> -Programas mobilidade: 5,00 -Recursos tecnolóxicos: 4,60 -Cualificación do profesorado: 4,40 	<ul style="list-style-type: none"> -Orientación profesional e laboral: 2,60 -Utilidade prácticas académicas externas: 3,00 -Orientación académica para continuar os estudos: 3,40 -Utilidade da formación para a carreira profesional: 3,40
	2016/2017	53%	3,85	<ul style="list-style-type: none"> -As competencias do plano de estudos, a actualidade da formación: 3,00 -A organización temporal das materias, a metodoloxía do ensino: 3,00 -A adecuación do profesorado: 3,00 -As infraestruturas, os servizos: 3,00 -A adecuación da formación: 3,00 	<ul style="list-style-type: none"> -A estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación: 0,00
PAS	2018/2019	100%	4,00	<ul style="list-style-type: none"> - A comunicación cos/as responsables académicos/as (decanato/dirección do centro e do departamento, e coordinadores/as): 4,50 - A comunicación co profesorado :4,50 -A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico: 4,50 	<ul style="list-style-type: none"> -A dotación do PAS adscrito: 2,00

				<ul style="list-style-type: none"> -A información dispoñible para o alumnado: 4,00 -A información dispoñible na páxina web do centro: 4,00 -A formación para facilitar o desempeño das súas funcións: 4,00 -As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo: 4,00 -Satisfacción coa información dispoñible sobre a xestión da calidade: 4,00 -As canles para realizar queixas, suxestións e parabéns: 4,00 	<ul style="list-style-type: none"> -A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo: 3,50 -A comunicación co alumnado: 3,50 - As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro: 3,50 -As vías de participación para a mellora da calidade: 3,50
	2017/2018	Non hai datos			
	2015/2016	Non hai datos			

Procedemos a súa análise, comezando polas opinións do alumnado.

En primeiro lugar, destaca o feito que ningún ítem coincide nos tres cursos no apartado de mellor valorado. Como moito, hai coincidencia de tres ítems cunha boa valoración en dous cursos diferentes: “Os espazos destinados ao traballo autónomo”; “As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia” e “A formación adquirida”; os tres aspectos aparecen reflexados nas enquisas do curso que estamos a analizar coincidindo cunha valoración de 4. A maiores, xa comentamos a boa valoración da utilidade (4) e accesibilidade da información na web cun 4,17, cifra que tamén alcanza “O calendario de probas de avaliación”. Demos sinalar que os tres aspectos coincidentes son fundamentais en relación a este título, máxime pola súa característica de semipresencialidade.

En relación cos aspectos peor valorados tampouco hai coincidencia dun mesmo ítem nos tres cursos e si en dous deles, trátase do tamén xa comentado “As vías de participación na mellora da calidade da titulación” que acada as seguintes puntuacións: 2018/2019: 2,33; e 2017/2018: 3,5. Curiosamente a participación nas enquisas, un deses canles, é moi baixa, respectivamente 37,5% e 38%. Outra dobre baixa valoración é no ítem de “Información sobre actividades extracurriculares”: 2018/2019: 2,67; e 2017/2018: 2,77. No curso que dedicamos este informe o outro aspecto peor valorado é “A orientación académica recibida no PAT”, pero a puntuación supera lixeiramente o 3.

Respecto ás Enquisas de Avaliación Docente, durante o curso 2018/2019 non tivemos noticias da experiencia piloto que a Área de Calidade da UVigo puxo en marcha no curso anterior, polo que seguemos coa problemática habitual, derivada da única vía de realización de enquisas, presencial, imposible de aplicar nunha modalidade semipresencial, na que o alumnado nunca se reúne nun aula física, senón virtual.

Respecto ás persoas tituladas, o índice de participación é moi escasa, cunha evolución descendente, xa que se pasa dun 53% no curso 2016/2017 a un 26,23% no 2018/2019; unha participación tan baixa é menos representativa. Tamén a satisfacción global descende lixeiramente; se ben nos dous cursos anteriores estaba arredor de 3,85, no curso que analizamos é de 3,4. Entre os ítems mellor cualificados e que coinciden dous cursos, atópanse a cualificación do profesorado; os recursos tecnolóxicos e os programas de mobilidade. Tres aspectos fundamentais que se encadran dentro dos recursos humanos, materiais e o desenvolvemento do plan formativo. A maiores, no curso 2018/2019 valórase por riba de 4 “A actualización de contidos”; “A cualificación dos Servizos e do PAS” (en todos eles cun 4). Entre os menos valorados, se repite en dous cursos “A orientación profesional e laboral”, curso 2018/2019 con 2,77 e 2017/2018 con 2,60. Algo máis alto, cun 3, califícanse estes dous mesmos cursos “A utilidade das Prácticas Externas”; a mesma puntuación no curso 2018(2019 a reciben os ítems de “Orientación Académica para a continuidade de estudos e “As xestións académicas”.

Respecto aos resultados das enquisas de satisfacción ao PDI, o índice de participación alcanzou o 64,71%, practicamente 1 punto por riba do curso 206/2017 e cunha satisfacción global lixeiramente inferior, aínda que mantense elevada ao alcanzar o 4,3%. Valóranse moi positivamente, por riba de 4,5, aspectos relativos á planificación e desenvolvemento, como calendario de avaliación e coherencia na asignación da docencia; así como a información dos obxectivos e competencias do título. Incluso os ítems menos valorados acadan unha puntuación elevada, sendo o menos valorado As vías de participación na mellora da Calidade cun 3,94, este aspecto é difícil de determinar a causa desa cualificación, comparativamente peor que o resto.; especialmente cando á información dispoñible con respecto á Calidade se lle outorga un 4. Importante é esa mesma cualificación en relación coas aulas e o equipamento, referido sen dúbida, aos medios virtuais que se empregan para a docencia.

En relación co colectivo dos PAS, é moi satisfactorio o dato de que participou nas o 100% e que o seu grao de satisfacción global é elevado acadando a cifra de 4. Se analizamos os ítems mellor valorados, 3 alcanzan o 4,5: “A comunicación coas persoas con responsabilidade académica”, “A comunicación co profesorado” e “A comunicación con outros servizos...”. Sen dúbida, esta elevada puntuación incide favorablemente no desenvolvemento das tarefas administrativas e académicas. Así mesmo, recibe unha satisfactoria consideración, con 4, aspectos relativos ao criterio de información e transparencia (para o alumnado, a web, a xestión da calidade e os canles de QSP); así como outros aspectos fundamentais como a formación e as instalacións e equipamento, sen dúbida, ambos aspectos fundamentais á hora de facilitar a actividade profesional. No lado oposto, o ítem que recibe a cualificación máis baixa e que resulta realmente negativa, cun 2, é a dotación de PAS adscritos; sen dúbida relacionado coa idea de que a RPT non designa ao persoal suficiente para a Área de Posgrao no campus de Ourense.

- Taxa de gradación moi escasa
- Escasa participación nas enquisas de satisfacción

Accións de mellora a implantar:

- Determinar as causas da escasa taxa de gradación se é posible a partir das mesmas a implementación de melloras
- Difundir a importancia de participar nas enquisas de satisfacción para obter información que permita a mellora do título.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

□ Taxa de gradación

□ Taxa de abandono

- Taxa de eficiencia
 - Taxa de rendemento
 - Taxa de éxito
 - Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-DO: Duración media dos estudos

IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS

Modificacións na titulación : X

**Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro*

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

--

IV. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

*Cada titulación deberá incorporar un seguimento das acción de mellora que puxo en marcha no curso ou /cursos anteriores. A [aplicación de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimento das mesmas

Accións de mellora *	Estado situación	Comentarios /observación
- Entrevistas co reitor e o vicerreitor de profesorado para ampliar a plantilla de profesorado fixo	Satisfactorio pero mellorable	
-Aumentar a participación das enquisas de satisfacción, satisfactorio no grao, pero mellorable no mestrado	Pouco satisfactorio no mestrado	
- Aumentar a participación das Enquisas de Avaliación Docente	Nada satisfactorio	
- Acondicionamento das aulas de docencia (ergonomía dos asentos e instalación de enchufes)	Satisfactorio	
-Atopar e acondicionar un espazo como sala de encontro para o profesorado	Nada satisfactorio	
-Determinar as causas da taxa de abandono no grao e de ser posible implementar estratexias	Nada satisfactorio	
-Determinar as causas da taxa de gradación no grao e no mestrado e de ser posible implementar estratexias	En proceso	
-Valorar a efectividade das medidas de reforma do PAT	Satisfactorio	
-Ampliar á información no mestrado das actividades extra-académicas	Nada satisfactorio	
-Comprobar o correcto funcionamento das plataformas no mestrado	Satisfactorio	

IV. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

**As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Deben incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na [aplicación de xestión documental do SGC](#). Poden achegarse as fichas cumprimentadas a través da mesma como anexo a este informe*

- Accións de mellora a implantar:

- Difundir a través das/os delegadas/os os aspectos fundamentais do SGC, especialmente no grao
- Revisión pormenorizada dos contidos da web para determinar as ausencias na migración de datos e solventalo.
- Incrementar a difusión da necesidade de participar nas enquisas de satisfacción, no grao e no mestrado, para coñecer os problemas e implantar accións de mellora. Envío de correos electrónicos ao grupo e personalizados, desde o decanato e a coordinación de Calidade, solicitando a participación e explicando a finalidade das enquisas. Accións a través da coordinación e das/os delegadas/os. Explicar ao alumnado do mestrado a vía institucional da UVigo para expor as QSP.
- Melloras ergonómicas nas aulas e instalación de enchufes. Segue ser ter solución a problemática da temperatura do edificio, sobre todo en inverno, nos espazos orientados ao norte e especialmente a comezo da semana.
- Reflexionar posibles causas, da escasa porcentaxe de avaliación que alcanza o 100%, sen ter en conta a materia do TFG/TFM.
- Descubrir as posibles causas das escasas taxas de gradación (grao e mestrado) e, na medida do posible, considerar accións para melloralo
- Tentar de atopar un espazo que se poida converter en un lugar de encontro para o profesorado
- Conversas sobre o envellecemento do PDI e PAS co equipo reitoral e o vicerreitorado de profesorado expoñendo esta problemática á espera de solucións
- Extensión a todo o curso da docencia do profesor da área de Historia Contemporánea que curso tras curso, solicita unha baixa cando vai iniciarse a súa docencia
- Comprobar no mestrado se nunha materia se mantén esta taxa tan baixa de rendemento
- Coñecer no mestrado á causa de porque a relación entre créditos superados e matriculados (rendemento) é tan elevada e tentar aplicar melloras ao respecto

- Difusión entre o alumnado das redes sociais da UVigo e da Facultade
- Charlas informativas da coordinación do PAT do mestrado, explicando as súas funcións e actuacións

V. CONCLUSIONES E ACORDOS

I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

- . Susana Reboreda Morillo. Decana e coordinadora de Calidade. Presidenta. Coordinadora do mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
- . Josefina Cadilla Lomba. Secretaria da Comisión de Calidade
- . Beatriz Vaquero Díaz. Coordinadora do grao en Xeografía e Historia
- . Antonio Presedo Garazo. Colaborador de Calidade. Representante do PDI
- . Yolanda Barriocanal López. Representante do PDI
- . Josefa Rodríguez Bouzas. Representante do PAS
- . Manuel Casanova Cudeiro. Representante do alumnado de Grao
- . Rosa María Díaz Naya: Membro da Sociedade. Directora da Biblioteca Municipal
- . Xosé M^a Eguileta Franco: Membro da Sociedade. Arqueólogo Municipal do Concello de Ourense.
- . Begoña Garrido Labrador. Egresada do Grao e do Mestrado. Membro da Sociedade. Empresaria

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade e importante concluír que:

Conclusiones relevantes	
1.	Satisfacción porque no informe elaborado se recolle dun xeito diáfano a situación dos títulos do centro
2.	O balance xeral é positivo, especialmente no referido a saída do plan de viabilidade da Xunta de Galicia e as tarefas de difusión e captación
3.	No Informe resulta evidente o traballo que realiza este centro e os seus membros (PDI, PAS e alumnado)
4.	É moi importante que se implementen con éxito as EAD on line para o alumnado semipresencial
5.	Na redacción deste informe, dun xeito consciente se eliminaron as referencias numéricas aos rexistros coa idea de facilitar a comprensión e eliminar aspectos superfluos que cargan el documento.


Así mesmo acórdase:

Acordos	
1.	Continuar nesta liña de traballo na que se evidencia as vantaxes do Sistema
2.	Continuar coa idea de que o Sistema reflexe a realidade do Centro e difundir as súas actuacións entre o alumnado
3.	Determinar as causas da taxa de abandono no grao e as taxas de gradación en ambos títulos
4.	Manter as liñas de traballo desta Comisión

VI. ANEXOS

- Anexo 1: Actividades extra-académicas e noticias de prensa da Facultade de Historia
- Anexo 2: Campaña de promoción do Grao en Xeografía e Historia

Anexo 1: Actividades extra-académicas da Facultade de Historia e noticias de prensa relativas ao curso 2018/2019



21-22 setembro 2018

Montañas de Trevinca

Dirixida ao alumnado de 1º do Grao en Xeografía e Historia
Fundamentos de Xeografía Física

Vilanova de Trevinca - O Trisquel
Coordinada pola profesora Elena De Uña Álvarez
Prazas Limitadas (20)

PROGRAMA

21 de setembro

- 9:00 h. Saída de Ourense-A Veiga-Ponte-Vilanova
 - Actividade no entorno do Trisquel

22 de setembro: Ascenso

- 21:00 Hora aproximada de chegada a Ourense



#Itinerario I

#SaídasEstudo2018-19

XORNADA

As mulleres na antigüidade: Perspectivas e reflexións



1 de outubro de 2018 · Salón de Graos. Edificio de Ferro. Ourense

Programa

09.00	Apertura
09.15 - 09.45	Agnès Garcia Ventura, investigadora postdoutoral “Juan de la Cierva”, Universitat de Barcelona. <i>Mulleres traballadoras na Antiga Mesopotamia</i>
09.45 - 10.15	Núria Castellano, doutora en Exiptoloxía e profesora do CEPOAT, Universidad de Murcia. <i>Farón, o poder feminino</i>
10.15 - 10.30	Descanso
10.30 - 11.00	Dolors Molas, profesora titular, Universitat de Barcelona. <i>Hetairai e Philai: Safo e a poesía lírica grega arcaica</i>
11.00 - 11.30	Rosa Cid, profesora catedrática, Universidad de Oviedo. <i>Mulleres na Roma Antiga entre a domus e o templo</i>
11.30 - 12.00	Debate
12.00	Clausura

Universidade de Vigo

Colabora

GEAAT

Patrocina

DEPUTACIÓN
OURENSE

Facultade
de Historia

Unidade de
Igualdade

05 outubro 2018

Visita do litoral meridional galego

Dirixida ao alumnado de 3º e 4º do Grao en Xeografía e Historia
Xeografía Aplicada & Xeografía de Galicia

Visita coordinada pola profesora Elena De Uña Álvarez

PROGRAMA

- 09:30 h. Saída de Ourense
- Vigo-Baiona-Silleiro-Camposancos
- 20.30 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



#Itinerario 2

#SaídasEstudo2018-19

5 outubro 2018

O Salnés

Dirixida ao alumnado de 2º do Grao en Xeografía e Historia
Espazos e sociedades

Un itinerario pola Comarca de O Salnés
conducido e coordinado polo profesor
Carlos Alberto Patiño Romarís
Prazas Limitadas

PROGRAMA

5 de Outubro

- 8:30 h. Saída de Ourense
- 17:30 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



#Itinerario 3

#SaídasEstudo2018-19

19 outubro 2018

Roteiro Cultural e de enoturismo Melgaço Portugal



INFORMACIÓN E INSCRICIÓN.   

Correio electrónico: begogal@xeitura.com

Teléfono: 650 05 70 11

DESTINO A: Alumnado da Facultade de Historia e comunidade universitaria.

DATA E HORARIO:

19 outubro 2018

Punto de Saía: 9:00 hs. da Edificio de



Data límite inscrición

11 de outubro

20 outubro 2018

Visita da Cova Cortiñas

Dirixida ao alumnado do Grao en Xeografía e Historia
Materias de Xeografía

Coordinada pola profesora Elena De Uña Álvarez &
Clube de Espeleoloxía A Trapa (CETRA)
Prazas limitadas (25)

PROGRAMA


20 de outubro

- 9:00 h. Saída de Ourense
- Herrerías - Valcárcel (León) acceso e visita
- 21:00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



#Itinerario 4

#SaídasEstudo2018-19



8 Novembro 2018

Xornadas de Xeografía (I)

Dirixida ao alumnado do Grao en Xeografía e Historia
Organización: Área de Xeografía Física (Prof. Elena De Uña Álvarez)
en colaboración co Clube de Espeleoloxía A Trapa (CETRA)

17 horas, Salón de Graos “Vicente Risco” do Edificio Facultades (4º andar)
Entrada libre ata completar aforo

Facultade de Historia
Universidade de Vigo



Campus da Auga
Campus de Ourense



Sistemas De Información Geográfica
Una Potente Herramienta Para El Estudio Del Territorio

EJEMPLO:
Desarrollando El Atlas Digital de Las
Cuevas Gallegas

Ponente: Marcos Vaqueiro



9 Novembro 2018

O MECENADO ARTÍSTICO DO CARDEAL RODRIGO DE CASTRO NO COLEXIO DA COMPAÑÍA DE MONFORTE

Dirixida ao alumnado de 3º do Grao en Xeografía e Historia

Materia: Historia da Arte Moderna

Visita coordinada pola profesora **Yolanda Barriocanal López**



PROGRAMA


9 Novembro

- 10:00 h. Saída de Ourense (Edificio de Ferro)
- 14:00 h. Chegada a Ourense (Edificio de Ferro)



#Itinerario 5

#SaídasEstudo2018-19



15 Novembro 2018

Xornadas de Xeografía (II)

Dirixida ao alumnado do Grao en Xeografía e Historia

Organización: Área de Xeografía Física (Prof. Elena De Uña Álvarez)

17 horas, Salón de Graos “Vicente Risco” do Edificio Facultades (4º andar)

Entrada libre ata completar aforo

Facultade de Historia
Universidade de Vigo



Campus da Auga
Campus de Ourense

As Neves, un año después

Reflexión

&

Debate

16 Novembro 2018

O PATRONATO ARTISTICO DA ORDE MILITAR DE SAN XOAN DE XERUSALEN NA ENCOMENDA DE BEADE

Dirixida ao alumnado de 4º do Grao en Xeografía e Historia

Materia: Historia da Arte de Galicia

Visita coordinada pola profesora **Yolanda Barriocanal López**

PROGRAMA

16 Novembro

- 10:00 h. Saída de Ourense (Edificio de Ferro)
- 14:00 h. Chegada a Ourense (Edificio de Ferro)



#Itinerario 6
#SaídasEstudo2018-19

VIII XORNADAS NOVOS INVESTIGADORES

VIII XORNADAS NOVOS INVESTIGADORES

"PREHISTORIA E ANTIGÜIDADE": A VIDA COTIDIÁ



Delegación de Alumnos Facultade de Historia
Facultade de Historia Universidade de Vigo



20 de Novembro 2018

23 novembro 2018

Santo Tirso (Portugal)

Dirixida preferentemente ao alumnado de 3º e 4º do Grao en Xeografía e Historia Prehistoria da Península Ibérica e Historia Antiga da Península Ibérica e do NW Peninsular

Unha visita ao Museo de Santo Tirso e ao Castro e Centro Interpretativo de Monte Padrao (Portugal)

Saída coordinada polos profesores
Ladislao Castro e Rosa Brañas
Prazas Limitadas

23 de novembro
➤ 9:00 h. Saída de Ourense
➤ 21:00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



#Itinerario 7

#SaídasEstudo2018-19

27 novembro 2018

S. Pedro de Moreiras e Sta. M^a de Mugares

Dirixida ao alumnado de 1º do Grao en Xeografía e Historia e PCEO Turismo-Xeografía e Historia
Linguaxes e Técnicas Artísticas

Visita ás igrexas de San Pedro de Moreiras e Santa María de Mugares (Toén). Conducida e coordinada polo profesor Ángel Domínguez López
Prazas Limitadas

PROGRAMA

27 de novembro

- 9:00 h. Saída de Ourense
- 13.00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



#Itinerario 8

#SaídasEstudo2018-19

30 novembro 2018


PAAR Campo Lameiro

Dirixida ao alumnado de 4º do Grao en Xeografía e Historia
Prehistoria do Noroeste da Península Ibérica



**Unha visita ao Parque Arqueolóxico de Arte
Rupestre de Campo Lameiro, con obradoiro
incluído**

PROGRAMA

- 9:00 h. Saída de Ourense
- 17:00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



#SaídasEstudo2018-19 #Itinerario 9



A Área de Historia Antiga organiza unha charla co ponente
José Manuel Costa García que leva por título:

***Da Arqueoloxía clásica á Arqueoloxía do mundo dixital: unha revisión
da conquista e ocupación do noroeste ibérico polos romanos***

4 de decembro de 2018 ás 11.00h. na Aula de Gravación (2.1)

CHARLA
**SAÍDAS
LABORAIS**

HISTORIA

XOVES 13 DECEMBRO ÁS 12:00

SALÓN DE GRAOS, EDIFICIO DE FERRO



f /AsambleaANEGA @anegaestudiantes

Facultade de Historia
Universidade de Vigo

8 Febrero 2019

O PRERROMANICO: ARQUITECTURA VISIGODA, DE REPOBOACION OU MOZARABE (Sta Comba de Bande – Celanova)

Dirixida aos alumnos de 2º do Grao en Xeografía e Historia


Materia: Historia da Arte Medieval

Visita coordinada pola profesora Yolanda Barriocanal López

PROGRAMA


8 Febrero

- 9:00 h. Saída de Ourense (Edificio de Ferro)
- 14:00 h. Chegada a Ourense (Edificio de Ferro)



#Itinerario 11

#SaídasEstudo2018-19



*de orientación
profesional*

HISTORIA

Salón de Graos Vicente Risco
Facultade de Historia
Campus de Ourense
Luns, 25 de febreiro, de 17.00 a 19.30 h

Organizan:

Universidade de Vigo



Facultade de
Historia

Colaboran:

Consello Social
Universidade de Vigo



Xoitura coop
Asociación Parroquias Galegas





CAPIA.COM



*de oriente
profesores*

PCEO Grao en Teoría
Grao en Xeografía

marzo
4.30 h

Historia
Durensis



TRANSICIÓN A DEMOCRACIA Y CONSTITUCIÓN 78

2019
ría e

DOR


ez Gómez






DADES, VILAS, ALDEAS

Evolución dos núcleos habitados na Europa Moderna
(1500-1800)



Ourense
Xoves, 28 de marzo de 2019
Hora: 12:00-14:00 h

Facultade de Historia-Campus de
Salón de Grados (Ed. Facultades)
Universidade de Vigo



DADES, VILAS, ALDEAS

evolución de los núcleos habitados en la Europa Moderna
(1500-1800)



Ourense
Xoves, 28 de marzo de 2019
Hora: 12:00-14:00 h

Facultade de Historia-Campus de
Salón de Grados (Ed. Facultades)
Universidade de Vigo

e «Cortes-parlamentos»



DE CELEBRACIÓN

ón de Grados
d. Facultades

rade de Historia

DÍA

4 - Abril - 2019

HORARIO

PONENTES

Luis Alonso Ál
Universidade A C

Santiago A. Roura

o de 2019
e Ourense

a: 18 de xuño

a: 10.00-14.00

ar: Pavillón de

ortes do campus

Ourense

00-13.00

ividade "Fai



LINKS NOTICIAS CURSO 2018/19

- Xornada "As mulleres na antigüidade. Perspectivas e reflexións"
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/xornadas-visibilizaran-papel-muller-antiguidade>
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2018-09/fou210918.pdf>
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi>
- III Congreso Internacional da Auga
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/iii-congreso-internacional-auga-contara-80-comunicacions-posters-investigadores-oito-paises>
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/falando-pasado-auga-falando-futuro-sociedade>
- VIII Xornada de novos investigadores
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/vida-cotia-prehistoria-antiguidade-tema-viii-xornadas-novos-investigadores>
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ollada-prehistoria-antiguidade-feita-novas-novos-investigadores>
- Charla "Da arqueoloxía clásica á arqueoloxía do mundo dixital"
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/leccion-tecnoloxia-reescribe-historia>
- Presentación X Viaxe de estudos arqueolóxicos
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/bulgaria-destino-x-viaxe-estudos-arqueoloxicos>
- Rolda prensa presentación II Olimpíada galega de Historia. Fai Historia con nós
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ii-olimpiada-galega-historia-abre-prazo-inscripcion>
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/ourense/2019/02/13/abierto-plazo-participar-olimpiada-historia/0003_201902013C4997.htm
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2019-02/r180219.jpg>
- Xornada de orientación profesional grao
<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/ourense/2019/02/26/buscando-perspectivas/00031551175221030690661.htm>
Presentacións: <https://tv.uvigo.es/series/5c77d5558f4208a10af5c928>



- Plan tendendo pontes: visita CPR Padre Feijoo Zorelle
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2019-02/r280219.jpg>
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/facultade-historia-tende-pontes-co-alumnado-educacion-secundaria-obrigatoria>
- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/facultade-ao-centro-educativo-fomentar-interese-historia>
- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/leccion-historia-antiga-cargo-alumnado-cpr-padre-feijoo-zorelle>

- Intervención arqueolóxica Praia do Naso (A Illa de Arousa)
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/intervencion-arqueoloxica-analiza-ruinas-romanas-praia-naso-son-dunha-factoria-salga>

- Sinatura Convenio Concellos Oímbra e Monterrei (Castillo Lobarzán)
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2019-04/v060419.jpg>
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/comeza-primeira-intervencion-arqueoloxica-castelo-lobarzan>
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/descubertas-pinturas-rupestres-prehistoricas-xacemento-ceada-laxes-chas>
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2019-07/r160719.jpg>
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2019-07/v170719.jpg>
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2019-07/vdg240719.pdf>

- Presentación II Premio Masonería Aberta
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ii-premio-masoneria-aberta-protagonismo-mulleres-que-pertenceron-sociedades>

- II Edición Premio Xesús Taboada Chivite
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/premio-xesus-taboada-chivite-distinguir-traballo-investigacion-arqueoloxia-antropoloxia-ou-historia>


- Sinatura Convenio Concello Allariz
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/universidade-concello-allariz-renovan-catro-anos-mais-sua-colaboracion-arqueoloxica>
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/descuberto-posible-lagar-vino-xacemento-romano-arnea>

- II Olimpíada galega de Historia. Fai Historia con nós
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2019-05/r250519.jpg>
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/120-escolares-competiron-ii-olimpiada-galega-historia>
https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/celanova/2019/05/25/historia-conciencia-sociedad-falta-historiadores/0003_201905025C4992.htm



<https://www.farodevigo.es/portada-ourense/2019/05/25/olimpiada-galega-historia-campus-ourense/2111722.html>

Anexo 2: Campaña de promoción do Grao en Xeografía e Historia, curso 2018/2019



INFORME CAMPAÑA

GRADO PRESENCIAL Y SEMIPRESENCIAL
EN GEOGRAFÍA E HISTORIA
MAYO – JUNIO 2019

CREATIVE
CONTENT
GOOD
REPUTATION

FACEBOOK

- **Formato:** 2 Post de vídeo con tráfico web en gallego y castellano
- **Fechas:**
 - o **Galicia:** 22 mayo – 3 junio
 - o **Provincias de fuera de Galicia:** 22 mayo – 12 junio
- **Segmentación:** Personas entre 18-25 años interesadas en Historia, Historia del Arte, Historia Local, Historia cultural, Universidad de Vigo, Geografía, Ourense, Patrimonio Cultural. Ubicados en:
 - o **Galicia**
 - o **Asturias y Castilla y León**
- **Ubicación anuncio:** Sección de noticias del ordenador y móvil.

Resultados	Galicia	Fuera de Galicia
Alcance	12.00	28.000
Clics	325	230
Inversión	200€	150€



C/Francisco Mariño, 3, 1º Izq. A Coruña. 15004

(+34) 981 136 868



agencianasas.com

INSTAGRAM

POST

- **Formato:** Dos post patrocinados (por cada idioma).
- **Fechas:**
 - o **Post 1:** 22/05 – 09/06
 - o **Post 2:** 10/06 – 24/06
- **Segmentación:** Personas entre 18-25 años interesadas en Historia, Historia del Arte, Historia Local, Historia cultural, Universidad de Vigo, Geografía, Ourense, Patrimonio Cultural. Ubicados en:
 - o **Galicia**
 - o **Castilla y León y Asturias**

Resultados	Galicia	Fuera de Galicia
Alcance	105.000	65.000
Clics	105	50
Inversión	515€	230€

Gallego



Castellano



IG STORIES


- **Formato:** 2 Carrusel de 3 stories animadas en 2 idiomas
- **Fechas:**
 - o **Galicia:**
 - **Story 1:** 27/05 – 09/06
 - **Story 2:** 10/06 – 16/06
 - **Story 3:** 17/06 – 30/06
 - o **Fuera de Galicia:**
 - **Story 1:** 27/05 – 13/06
 - **Story 2:** 14/06 – 30/06

- **Segmentación:** Personas entre 18-25 años interesadas en Historia, Historia del Arte, Historia Local, Historia cultural, Universidad de Vigo, Geografía, Ourense, Patrimonio Cultural.

	Galicia	Fuera de Galicia
Alcance	56.000	27.000
Clics	430	190
Inversión	360€	130€

Gallego

Story 1



Story 2



Story 3



YOUTUBE

BANNERS

- **Formato:** Banner animado y vídeo.
- **Fechas:**
 - o **Galicia:**

- **Banners - Fase 1:** 28/05 – 06/06
- **Banners - Fase 2:** 06/06 - 22/06
- **Vídeo:** 09/06 – 22/06

○ **Fuera de Galicia**

- **Banners - Fase 1:** 11/06 – 30/06

	Galicia	Castilla
Clics	719	312
Alcance	590.815	310.126
Inversión	200€	54€

Banner fase 1 Galicia



Banner fase 2 Galicia



Banner fase 1 Castilla





gracias

por contar con nosotros.